

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE ORZAMENTOS E FINANCIAMENTO AUTONÓMICO POLA QUE SE ESTABLECEN OS SOPORTES DE RECOLLIDA DA INFORMACIÓN A CUMPRIMENTAR POLOS CENTROS XESTORES E SE DESENVOLVEN DETERMINADOS ASPECTOS RELATIVOS Á ELABORACIÓN DOS ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA PARA 2025

Os criterios básicos de orzamentación para 2025 veñen fixados pola Orde do 17 de xuño de 2024, pola que se ditan instrucións para a elaboración dos orzamentos para 2025.

Os orzamentos xerais da comunidade autónoma para 2025 orientaranse a:

- Impulsar as liñas de actuación encamiñadas a aumentar o crecemento potencial da economía mediante os investimentos estruturais precisos para contar cun tecido industrial máis potente, moderno, produtivo, sostible e competitivo.
- Desenvolver proxectos de dixitalización e transformadores, que potencien as fontes de enerxía limpas, tanto no eido público como privado.
- Proseguir coa modernización e a mellora dos servizos públicos autonómicos, potenciar o parque de vivenda social, apoiar ás familias e os colectivos máis vulnerables, co obxectivo último de reducir o risco de exclusión partindo dos grandes retos fixados no Plan estratéxico de Galicia 2022-2030, baseados no crecemento sustentable e cohesionado social e territorialmente.
- Apoiar aos autónomos e ao sector servizos, en especial ao turismo e tamén co reforzo do sector primario; profundando na innovación, a dixitalización e o coñecemento como vía de desenvolvemento e de mantemento da poboación no territorio.
- Mellorar a eficiencia do mercado de traballo na nosa comunidade, axeitando a formación e preparación dos empregados e desempregados á demanda das empresas galegas e evitar o déficit de traballadores cualificados en certos oficios, impulsando a estratexia retorna como medida complementaria para achegar o traballo que precisan os sectores produtivos galegos.

Finalmente, lembrar que a clasificación orgánica do orzamento 2025 artéllase ao abeiro do Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, así como do Decreto 48/2024, do 22 de abril, polo que se establecen os órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia e do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

Consonte a devandita autorización, procédese a ditar as seguintes,



INSTRUCCIÓN PARA A ELABORACIÓN DOS ORZAMENTOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

PRIMEIRA.- INFORMACIÓN NECESARIA PARA A ELABORACIÓN DOS ORZAMENTOS DO 2025

O artigo 49 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, establece que:

“Para cada programa de gasto estableceranse os obxectivos que se pretenden conseguir cos recursos que se lle asignen, así como, sempre que sexa posible, os indicadores de seguimento que se consideren adecuados para analizar o grao de consecución destes”.

Entendese por “programa de gasto”: un conxunto integrado de proxectos que se poden levar a cabo en desenvolvemento dun ou máis plans xerais, sectoriais ou transversais, consumindo recursos co fin de acadar uns resultados específicos determinados.

A estrutura por programas do orzamento permite agrupar as partidas de gasto en termos da súa finalidade, e esta pódese cuantificar en forma de obxectivos. Os obxectivos dos programas orzamentarios son obxectivos estratéxicos (xeralmente recollidos en plans), e estes deben estar alineados cos obxectivos estratéxicos recollidos no PEG..

É posible e obrigatorio vencellar o orzamento ao PEG, mediante a vinculación dos proxectos á súa estrutura. O PEG estrutúrase en catro niveis (eixe, prioridade de actuación, obxectivo estratéxico e obxectivo operativo/instrumental), e a vinculación de cada proxecto de gasto faise ao máximo nivel posible de desagregación (os obxectivos operativos/instrumentais).

Co fin de garantir a efectividade e a masa crítica financeira para acadar os obxectivos estratéxicos, non debe haber programas con dotacións financeiras pequenas (v.gr. menores aos cinco millóns de euros), nin programas que compartan un único obxectivo estratéxico.

A gráfica seguinte mostra a vinculación das estruturas do PEG e o orzamento de gastos.





Por outra banda, as actuacións que haberán de posibilitar o cumprimento dun obxectivo estratéxico dun programa de gasto, estrutúranse en proxectos de gasto.

Cada proxecto de gasto vincularase a un único obxectivo operativo/instrumental que, por unha banda, debe colaborar á consecución dos obxectivos estratéxicos (a medio prazo) e, por outra, reflectir a consecución das metas do exercicio que se orzamenta.

Estes obxectivos operativos/instrumentais relacionaranse cun ou máis indicadores de produtividade, especialmente cos seleccionados como clave tras o proceso de análise e definición dos mesmos, realizado cos órganos xestores, xa que son os máis representativos e permiten a medición das principais actividades de cada obxectivo estratéxico.

Deberán de empregar para iso os que figuran no catálogo de indicadores do Plan Estratéxico de Galicia.

Enténdese, para os efectos destas instrucións, por "centro ou órgano xestor": a unidade orgánica encargada de executar a totalidade ou parte dun programa orzamentario (correspóndese co concepto orzamentario de servizo, é dicir, con cada unha das direccións e secretarías xerais en que se estrutura unha sección orzamentaria e con cada un dos organismos autónomos e axencias públicas que a ela se lle adscriben).



Os entes instrumentais con orzamento limitativo deberán presentar obxectivos que encaixen nos da consellería á que estean adscritos e nos fixados polo PEG para cada programa de gasto.

Enténdese por "plans": os documentos que recollen formalmente, un conxunto de actuacións administrativas dirixidas á consecución dunha ou varias finalidades previamente establecidas. Os plans poden ser "xerais", que establecen o conxunto de actuacións a desenvolver polo goberno nun período de tempo determinado; "sectoriais", cando todas as súas actuacións execútanse por un só centro xestor, e "transversais", cando as súas actuacións execútanse por máis dun centro xestor.

SEGUNDA.- DESIGNACIÓN DE RESPONSABLES

Malia que o responsable último da remisión da información de cada sección é a persoa responsable da secretaría xeral técnica, cómpre identificar ao persoal encargado de xestionar a carga de datos:

1. Así, no proceso de elaboración de orzamentos para 2025, cada consellería ou sección orzamentaria deberá designar unha persoa responsable, que será a encargada de remitir a información correspondente de todos os seus centros xestores, entes instrumentais incluídos. Este responsable normalmente coincidirá coa persoa que ocupa a xefatura da oficina orzamentaria. Ademais, designaranse as persoas suplentes que se consideren necesarias, sen que excedan de tres.

A lista cos responsables designados e coas persoas que, de ser o caso, sexan suplentes, indicará o cargo, teléfono e enderezo de correo electrónico, e remitirase á Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico antes do 19 de xullo, ao enderezo de correo electrónico sx.orzamentos.facenda@xunta.gal que o comunicará ao Cixtec para que proceda ás oportunas altas e baixas no sistema informático co carácter de usuarios privilexiados.

2. Así mesmo, dentro da secretaría xeral técnica de cada consellería designarase unha persoa responsable e, de ser o caso, unha suplente, para a elaboración da documentación correspondente a Memoria II. Ademais, estas persoas serán as encargadas do envío desta documentación a través da aplicación informática que se poñerá a súa disposición para a remisión da memoria. A lista coas persoas responsables designadas e coas persoas que, de ser o caso, as suplan, na que se indicará cargo, teléfono e dirección de correo electrónico,



remitirse á Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico, antes do 19 de xullo á dirección de correo recursos.analise.orzamentaria.facenda@xunta.gal.

3. Por outro lado, e respecto das entidades públicas empresariais, sociedades mercantís, fundacións públicas autonómicas e consorcios autonómicos, a persoa titular da secretaría xeral técnica da consellería á que estean adscritos será a súa responsable. Ademais, nomearán unha persoa de contacto en cada entidade. A lista co persoal de contacto designado e coas persoas que, de ser o caso, os suplan, na que se indicará cargo, teléfono e dirección de correo electrónico, remitirse á Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico, á dirección de correo sxprogramacionfinanceira.facenda@xunta.gal antes do día 19 de xullo.

4. Para os temas relacionados coa elaboración dos importes do gasto de persoal, así como para a consulta do proxecto de anexo de persoal e do correspondente gasto de capítulo I, a secretaría xeral técnica de cada consellería designará a unha persoa responsable e, de ser o caso, á persoa que o supla.

A lista co persoal de contacto designado e coas persoas que, de ser o caso, os suplan, na que se indicará cargo, teléfono e dirección de correo electrónico, remitirse á Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico, á seguinte dirección de correo electrónico de contacto é sx.custos.persoal.facenda@xunta.gal antes do día 21 de xullo.

5. Para os temas vencellados á vinculación dos proxectos, á estrutura do PEG, indicadores, impacto na infancia e na Axenda 2030 e territorialización, dentro da secretaría xeral técnica de cada consellería designarase unha persoa responsable e, de ser o caso, unha suplente, para contrastar a información da memoria de obxectivos. A dirección de correo electrónico de contacto na Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico para as dúbidas respecto desta temática é planificacion.facenda@xunta.gal.

TERCEIRA.- PROCEDIMENTO PARA A REMISIÓN DAS PROPOSTAS CUANTITATIVAS E CUALITATIVAS DA ADMINISTRACIÓN XERAL, ORGANISMOS AUTÓNOMOS, AXENCIAS PÚBLICAS AUTÓNOMICAS E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS DE CONSULTA OU ASESORAMENTO

No proceso de elaboración do orzamento de gastos debe sinalarse que as propostas iniciais, relativas ás distintas actuacións que os centros xestores pretenden levar a cabo, gravaranse na aplicación informática desenvolta para o efecto polo CIXTEC, que é a mesma que se utiliza para a elaboración do orzamento definitivo.



As propostas, que se deben remitir á Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico antes do día 5 de setembro, non se poderán modificar e serán imprescindibles para continuar co proceso de elaboración do orzamento de gastos.

Polo tanto, **non se terán en conta as propostas non rexistradas no devandito aplicativo en tempo e forma.**

As unidades básicas para elaborar o anteproxecto de orzamentos serán os proxectos de gasto agrupados por programas, tal e como sinala a orde de elaboración de orzamentos para o ano 2025.

É preciso realizar un traballo de análise e priorización previo, por programa e por cada xestor de gasto, para determinar os proxectos e as dotacións a solicitar para cada un. A sistemática por programa debe ser a seguinte:

1.- DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN.

- Cal é o problema ou a necesidade a atender e a quen vai dirixido o programa.

2.- OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS E OPERATIVOS.

- Cales son os obxectivos que se pretenden conseguir.

3.- PROXECTOS DE GASTO.

- Que actuacións son precisas levar a cabo para acadar os obxectivos.

4.- INDICADORES.

- Como se miden os resultados acadados.

1. Pantalla de PROXECTOS

Como sinala a Orde de elaboración de orzamentos e esta mesma instrución, a unidade básica de orzamentación é o proxecto de gasto, por iso o orzamento comezará a cargarse por esta pantalla.

Compre, polo tanto, antes de comezar a carga do orzamento, ter perfectamente delimitado que entendemos por código de proxecto e como se configura.



De cara a dar un novo paso cara á orzamentación por resultados, revisaranse os programas e proxectos de gasto e os obxectivos e indicadores.

Os proxectos orzamentados no exercicio anterior aparecen xa gravados no aplicativo. Se un proxecto existente en Xumco2 non se mostrase no modulo de orzamentos por non ter tido execución no ano inmediato anterior pero quixera retomarse, comunicaráselle á Subdirección Xeral de Orzamentos para que o inclúa.

Creación:

A descrición dos proxectos debe ser axeitada ao gasto que representa.

A creación de códigos de proxecto requirirá a autorización da Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico, a través da aplicación informática de elaboración de orzamentos, de oficio ou por proposta dos órganos xestores.

Os proxectos de gasto deben clasificarse nalgunha das seguintes categorías:

- **Estrutural:** basicamente moitos dos proxectos dos capítulos I e II, e dicir, aqueles que se corresponden a gastos ineludibles para o funcionamento da Administración.
- **Recorrente:** proxectos que conteñen políticas de gastos que teñen carácter de permanencia no tempo e non acadan a categoría de estruturais.
- **Autorizado:** aqueles que non sexan nin estruturais nin recorrentes.

Deberase, ao solicitar a alta dun proxecto, cubrir o cadro de *Xustificación* onde se describirá a natureza e contido do gasto a financiar.

O campo *Órgano executor*, por regra xeral non deben ser cubertos.

Todo proxecto con financiamento finalista cuxa modalidade comece por 3, 461 ou 5 debe ter asociada unha liña de actuación (Anexo VII). De non existir solicitarase a súa creación.

Todo proxecto con modalidade elixible (s), debe ter cubertos os campos Tipo de fondo, Eixo, Medida, Submedida (desglose de medida). Estes campos atópanse codificados no Anexo VI desta Instrución. De non existir solicitarase a súa creación

Debe evitarse, considerándose non válido, aquel proxecto de nova creación con Eixo 99, Medida 99.



Un proxecto debe estar asociado cando menos a un Servizo e Programa de gasto. Isto reflíctese no campo "*Combinación de Servizo-Programa do proxecto*". De estar a liña valeira comunicaráselle a Subdirección Xeral de Orzamentos para que realice a asociación.

Detalle exercicios futuros

Nesta pantalla gravaranse os importes das anualidades futuras.

Prestarase especial atención aos grandes proxectos de investimento (capítulo VI) nos que se comprometan anualidades futuras.

Tratándose de gastos do capítulo VI esíxese o desglose destes importe por actuacións ou obras concretas para o cal se navegará a unha pantalla de nova creación "*Actuacións/Obras por proxecto e aplicación*" e se premerá a botoeira Nova actuación/obra. A continuación cubriranse os campo esixidos.

Para gastos futuros doutros capítulos cubriranse os importes anuais desde a pantalla "*Gastos exercicios futuros*" sen que se esixa desglose destes.

FONDOS EUROPEOS:

FEADER 14-20 - MRR - FEDER 2021-27 - FSE+ 2021-27 – FSE+ Plurirrexional 2021-2027 - Plan Estratéxico da PAC 2023-27 - FEMPA - Fondo de Transición Xusta (FTX).

Nos anexos desta instrución detállanse, para cada un destes fondos, o Programa Operativo, Eixo, Medida e Desglose (termos que se manteñen no aplicativo Xumco2).

Mantense, polo tanto, a estrutura Xumco2 que se viña utilizando en anteriores programas operativos aínda que as denominacións formais novas sexan diferentes (Obxectivo político, obxectivo estratéxico...).

ORZAMENTO DE INGRESOS

Os organismos autónomos, axencias e entidades de consulta ou asesoramento, cargarán nesta pantalla, ademais dos ingresos finalistas, o resto dos seus ingresos, de acordo coa clasificación que figura no Anexo I da Orde do 17 de xuño de 2024, pola que se ditan instrucións para a elaboración de orzamentos para 2025, solicitando da Subdirección Xeral de Recursos e Análise Orzamentaria a apertura das novas aplicacións que se consideren necesarias.



Estes ingresos serán os previamente pechados na correspondente Comisión de Ingresos.

Se o proxecto está financiado con fondos europeos indicárase o tipo nos distintos apartados que figuran na pantalla.

Os conceptos de ingresos correspondentes aos fondos europeos (FEDER, FSE, FEMP, FEADER, FEAGA, MRR, PEPAC e FTX) serán xerados pola integración dos créditos de gastos que teñan como modalidade de financiamento a correspondente a cada un deles.

Pantalla “PROPOSTAS DE INCORPORACIÓNS AO ARTICULADO”

Esta pantalla, a través das súas dúas pestanas, recolle as propostas que a consellería considere que deben incluírse no articulado do anteproxecto de lei de orzamentos para o ano 2025, sendo a data límite o día 8 de setembro.

Para introducir as propostas de incorporación ao articulado entrárase a través da pantalla “propostas de incorporación ao articulado”, e premendo na parte inferior dereita da pantalla “novo” pasarase a pantalla “Detalle da proposta de incorporación ao articulado”.

Nos distintos apartados desta pantalla detallárase o texto da proposta, estudo económico do custo da proposta, unha memoria explicativa e as disposicións legais afectadas.

Premendo no botón “Volver” regresarase á pantalla anterior, na que en “Texto” xa figurará a denominación da proposta realizada. Premendo na parte da dereita, en detalle, poderase volver a “detalle das propostas”.

Os envíos das propostas á Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autónomo realizarase á través da pantalla de “Xestión e envío de propostas de incorporación ao articulado”.

CUARTA.- PROCEDEMENTO PARA A REMISIÓN DOS DATOS RELATIVOS Á EVOLUCIÓN DOS EFECTIVOS DE PERSOAL

ANEXO DE PERSOAL

A Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autónomo remitirá as distintas secretarías xerais técnicas, mediante correo electrónico, o modelo de ficha de evolución de efectivos que se recolle no anexo IV e para as institucións sanitarias o modelo establecido no anexo V.



Os datos da situación a 1 de xuño serán cargados na ficha pola Subdirección Xeral de Custos de Persoal.

As distintas consellerías e órganos xestores remitirán a ficha mediante correo electrónico a sx.custos.persoal.facenda@xunta.gal unha vez incluídos os seguintes datos:

1. A folla **“resumo”** inclúe 2 cadros cos seguintes datos:

Cadro I. Importe: Neste cadro recóllese o importe total do capítulo I de cada consellería, organismo ou axencia (incluídas todas as modalidades de financiamento), detallado para cada servizo/programa coa seguinte información:

- Columna “Importe 01.06.24”: importe total de capítulo I segundo anexo de persoal vixente a 1 de xuño de 2024.
- Columna “Novas dotacións”: importe que se solicita de incremento por mor da creación de novas prazas. Este importe deberá ser compensado cos importes de amortización de prazas.
- Columna “Supresión dotacións”: importe que se solicita de minoración por amortización de prazas.
- Columna “Outras modificacións”: importe que se solicita por mor de dotacións de persoal temporal, referido a todos os tipos de persoal e de modalidades de nomeamento ou contratación.
- Columna “Proposta capítulo I 2025”: importe total de capítulo I proposto para o ano 2024, dato calculado automaticamente.
- Columna “Previsión peche 2024”: farase constar o importe previsto de gasto total de capítulo I a 31.12.2024.

Cadro 2. Efectivos: Neste cadro recóllense os efectivos totais do anexo de persoal da consellería (incluídas todas as modalidades de financiamento), detallado para cada servizo/programa coa seguinte información:

- Columna “Postos 01.06.24”: importe total de postos segundo anexo de persoal vixente a 1 de xuño de 2024.
- Columna “Novas dotacións”: número de postos que se solicita incrementar
- Columna “Supresión dotacións”: número de postos que se solicita minorar
- Columna “Proposta capítulo I 2025”: número total de postos proposto para o ano 2024, dato calculado automaticamente.

2. Follas **para cada tipo de persoal:** elaborárase un cadro por cada tipo de persoal, agás altos cargos e persoal eventual, que recollerá a planificación dos recursos humanos para o ano 2025.

- Columna “Anexo”: son os postos existentes no anexo de persoal vixente a 1 de xuño de 2024.
- Columna “RPT”: son os postos existentes na RPT vixente a 1 de xuño de 2024.
- Columna “Vacantes sen propietario e sen ocupante”: indicárase o número de postos que non teñen titular nin se atopan ocupados a 1 de xuño de 2024.
- Columna “Vacantes con propietario”: indicárase o número de postos que teñen titular e non se atopan ocupados a 1 de xuño de 2024.





- Columna "Total vacantes": indicarse o número de postos que non se atopan ocupados a 1 de xuño de 2024.
- Columna "Ocupación": indicarse o número de postos que se atopan ocupados, teñan ou non titular (é dicir exista unha persoa efectivamente realizando as funcións), a 1 de xuño de 2024, independentemente da forma de cobertura (persoal funcionario de carreira, interino, persoal estatutario fixo, persoal estatutario temporal, persoal laboral fixo, persoal laboral indefinido, persoal laboral temporal ...).
- Columna "Concurso": indicarse o número de postos que se estima que poderían resultar ocupados tras os concursos previstos resolver no ano 2024.
- Columna "OPE": indicarse o número de postos que se estima que poderían resultar ocupados tras a finalización dos procesos previstos resolver nos anos 2024 e 2025.
- Columna "Xubilacións 2024": indicarse o número de postos que se prevé queden vacantes por cumprir os titulares a idade de xubilación durante o ano 2024 (non se computaran aqueles incluídos na columna total vacantes).
- Columna "Xubilacións 2025": indicarse o número de postos que se prevé queden vacantes por cumprir os titulares a idade de xubilación durante o ano 2025.
- Columna "Creacións": indicarse o número de postos que se solicita crear para o ano 2025 (os postos de persoal laboral das categorías a funcionarizar deberán ser proposto para crear como de persoal funcionario). Con carácter xeral,
- Columna "Amortizacións": indicarse o número de postos que se solicita suprimir para o ano 2025.
- Columna "Observacións": indicarse calquera información que se considere de interese (p.e.: postos de estrutura que aínda non están en RPT, inmediatez ou dilación das OPEs concretas...)

Esta ficha deberá acompañarse dun documento de texto que xustifique os cambios que se propoñen.

3. Folla "**Creacións-amortizacións**": farase constar para cada tipo de persoal a valoración dos postos estruturais que se propoñen crear e daqueles que se pretenden amortizar.

4. Folla "**Programas carácter temporal**": Nesta ficha incluíranse os datos de programas de carácter temporal, indicando proxecto, modalidade, número de efectivos actuais, número de efectivos a prorrogar e novo persoal que se pretende solicitar, así como o seu importe. Indicarase por separado os importes correspondentes a retribucións (subconcepto 120.25) e a Seguridade Social (subconcepto 160.25).

5. Folla "**Finalistas, iniciativas e proxectos**": elaborarse unha ficha cos importes de capítulo I correspondente a persoal propio e as contratacións temporais que se financian a través de iniciativas e proxectos europeos, fondos finalistas do Estado ou convenios con entidades privadas.

Indicarase de forma separada o importe correspondente a cada modalidade e detallando por separado o importe das retribucións e o importe da Seguridade Social.

No caso de contratación de persoal indicarse as seguintes características :tipo de persoal, grupo, subgrupo, nivel.



6. Folla **"Persoal temporal"**: Nesta ficha incluíranse as dotacións para persoal temporal non incluídas nas fichas anteriores, tanto as correspondentes a persoal funcionario (subconceptos 120.20, 120.21, 120.26 e 120.24) como a persoal laboral temporal (concepto 131 e subconcepto 131.24). Indicarase por separado os importes correspondentes a retribucións (agrupado a nivel de vinculación) e a Seguridade Social.
7. Folla **"RPT- Liña anexo"**: farase constar a relación entre as liñas do anexo de persoal e os códigos da relación de postos de traballo.
8. As devanditas fichas deberán remitirse a Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico antes do 1 de xullo.
9. Para os efectos de poder acceder á consulta do proxecto de anexo de persoal e ao correspondente gasto de capítulo I os responsables de cada consellería, organismo autónomo e axencia deberán solicitar o acceso a través do correspondente formulario (SA040M/SA030M/SA050M) dispoñible no seguinte enlace:

<http://intranet1.conselleriadefacenda.es/Publico/Formularios/Paxinas/Formularios%20xerais.a.spx>

QUINTA.- PROCEDemento PARA A REMISIÓn DOS PAIF E PROPOSTAS DE ORZAMENTO DOS ENTES INSTRUMENTAIS DA XUNTA DE GALICIA

Con data límite do 16 de setembro, as entidades do sector público autonómico con orzamento estimativo remitiranlle á Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico, a través da aplicación informática especialmente habilitada (CODEX), a documentación que se determina na súa resolución específica.

De seguido recóllese unha táboa onde se indica, para cada ente do sector público autonómico, a súa natureza a efectos orzamentarios, o tipo de orzamento e o seu soporte de carga.



SECCIÓN	EFFECTOS ORZAMENTARIOS	TIPO ORZAMENTO	PRESENTACIÓN ORZAMENTARIA
04 Presidencia da Xunta de Galicia			
Axencia de Turismo	A	LIMITATIVO	XUMCO
Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A.	SM	ESTIMATIVO	PAIF
Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo	SM	ESTIMATIVO	PAIF
Galicia Calidade, S.A.U.	SM	ESTIMATIVO	PAIF
05 Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes			
Academia Galega de Seguridade Pública	OO.AA.	LIMITATIVO	XUMCO
Axencia Galega de Emerxencias	A	LIMITATIVO	XUMCO
Fundación Semana Verde de Galicia	F	ESTIMATIVO	PAIF
Fundación Galicia Europa	F	ESTIMATIVO	PAIF
Fundación Deporte Galego	F	ESTIMATIVO	PAIF
Consorcio Os Peares	C	ESTIMATIVO	PAIF
06 Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático			
Instituto de Estudos do Territorio	OO.AA.	LIMITATIVO	XUMCO
Augas de Galicia	EPE	ESTIMATIVO	PAIF
Centro Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia	C	ESTIMATIVO	PAIF
Consorcio para a xestión e explotación da rede básica de abastecemento aos concellos de Cervo e Burela	C	ESTIMATIVO	PAIF
Sociedade Galega do Medioambiente S.A.	SM	ESTIMATIVO	PAIF
07 Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional			
Axencia Galega de Innovación (GAIN)	A	LIMITATIVO	XUMCO
Consorcio Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia	C	ESTIMATIVO	PAIF
Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia	F	ESTIMATIVO	PAIF
08 Consellería de Política Social e Igualdade			
Axencia Galega de Servizos Sociais (Agass)	A	LIMITATIVO	XUMCO
Fundación Pública Gallega para la Tutela de Personas Adultas-Funga.	F	ESTIMATIVO	PAIF
Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar	C	ESTIMATIVO	PAIF
09 Consellería de Economía e Industria			
Instituto Galego de Promoción Económica (Ilgape)	A	LIMITATIVO	XUMCO
Instituto Enerxético de Galicia (Inega)	A	LIMITATIVO	XUMCO
Fundación Centro Tecnolóxico do Granito de Galicia	F	ESTIMATIVO	PAIF
XesGalicia, Sociedade Xestora de Entidades de Inversión de Tipo Pechado, S.A.U.	SM	ESTIMATIVO	PAIF
Sodiga Galicia, Sociedade de Capital Risco, S.A.	SM	ESTIMATIVO	PAIF
Parque Tecnolóxico de Galicia S.A.	SM	ESTIMATIVO	PAIF
Xestión do Solo de Galicia - Xestur, S.A.	SM	ESTIMATIVO	PAIF
10 Consellería de Facenda e Administración Pública			
Instituto Galego de Estatística (IGE)	OO.AA.	LIMITATIVO	XUMCO
Escola Galega de Administración Pública (EGAP)	OO.AA.	LIMITATIVO	XUMCO
Consello Económico e Social (CES)	OO.AA.	LIMITATIVO	XUMCO
Axencia Tributaria de Galicia	A	LIMITATIVO	XUMCO
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia	A	LIMITATIVO	XUMCO
Sociedade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.	SM	ESTIMATIVO	PAIF
11 Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas			
Instituto Galego da Vivenda e Solo	OO.AA.	LIMITATIVO	XUMCO
Axencia Galega de Infraestruturas	A	LIMITATIVO	XUMCO
Axencia de Protección da Legalidade Urbanística	C	ESTIMATIVO	PAIF
Consorcio Casco Vello de Vigo	C	ESTIMATIVO	PAIF
Sociedade Pública de Inversións de Galicia S.A.	SM	ESTIMATIVO	PAIF



SECCIÓN	EFFECTOS ORZAMENTARIOS	TIPO ORZAMENTO	PRESENTACIÓN ORZAMENTARIA
12 Consellería de Sanidade			
Servizo Galego Saúde (SERGAS)	OO.AA.	LIMITATIVO	XUMCO
Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS)	A	LIMITATIVO	XUMCO
Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (ADOS)	A	LIMITATIVO	XUMCO
Fundación Pública Instituto Galego de Oftalmoloxía (INGO)	F	ESTIMATIVO	PAIF
Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia 061	F	ESTIMATIVO	PAIF
Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica	F	ESTIMATIVO	PAIF
Fundación Profesor Novoa Santos	F	ESTIMATIVO	PAIF
Fundación Instituto de investigación Sanitaria Santiago de Compostela	F	ESTIMATIVO	PAIF
Fundación Biomédica Galicia Sur.	F	ESTIMATIVO	PAIF
Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios S.A.	SM	ESTIMATIVO	PAIF
Consorcio Oncolóxico de Galicia	C	ESTIMATIVO	PAIF
13 Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude			
Axencia Galega das Industrias Culturais	A	LIMITATIVO	XUMCO
Fundación Pública Cidade da Cultura de Galicia	F	ESTIMATIVO	PAIF
Fundación Museo do Mar	F	ESTIMATIVO	PAIF
Fundación Pública Galega Camilo José Cela	F	ESTIMATIVO	PAIF
14 Consellería de Emprego, Comercio e Emigración			
Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (Issga)	OO.AA.	LIMITATIVO	XUMCO
Consello Galego de Relacións Laborais	OO.AA.	LIMITATIVO	XUMCO
Instituto Galego do Consumo e da Competencia (IGCC)	OO.AA.	LIMITATIVO	XUMCO
Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo	F	ESTIMATIVO	PAIF
Fundación Pública Artesanía de Galicia	F	ESTIMATIVO	PAIF
Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada	F	ESTIMATIVO	PAIF
Fundación Feiras e Exposicións de Lugo	F	ESTIMATIVO	PAIF
Fundación Feiras e Exposicións de Ourense	F	ESTIMATIVO	PAIF
Instituto Feiral da Coruña	F	ESTIMATIVO	PAIF
Instituto Feiral de Vigo	F	ESTIMATIVO	PAIF
15 Consellería do Medio Rural			
Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga)	OO.AA.	LIMITATIVO	XUMCO
Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader)	A	LIMITATIVO	XUMCO
Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal)	A	LIMITATIVO	XUMCO
Fundación Centro Tecnolóxico da Carne	F	ESTIMATIVO	PAIF
Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos S.A. (Seaga)	SM	ESTIMATIVO	PAIF
Xenética Fontao S.A.	SM	ESTIMATIVO	PAIF
16 Consellería do Mar			
Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar)	A	LIMITATIVO	XUMCO
Portos de Galicia	EPE	ESTIMATIVO	PAIF
Fundación Centro Tecnolóxico do Mar	F	ESTIMATIVO	PAIF



SEXTA.- APROBACIÓN DAS PROPOSTAS FORMULADAS POLAS ENTIDADES CON ORZAMENTO LIMITATIVO POLA DIRECCIÓN XERAL DE ORZAMENTOS E FINANCIAMENTO AUTONÓMICO

O día **4 de xullo** constituirase a Comisión Funcional de Gastos, nela concretaranse as directrices de evolución do gasto por sección e modalidades de financiamento de cara á elaboración dos orzamentos.

As propostas de orzamento deberán remitirse antes do 9 de setembro e deberán recoller as transferencias de financiamento dos entes adscritos ás consellerías.

Neste orzamento a clasificación económica do gasto define nominativamente, a nivel de subconcepto, as transferencias de financiamento, polo que deberá terse especial coidado na súa orzamentación de cara a poder consolidar o mesmo.

Nos últimos dez días de setembro, unha vez analizadas as propostas das consellerías, organismos e entes dependentes, convocarase a Comisión Funcional do Gasto co fin de pechar as cifras do orzamento definitivo por sección e proxecto.

A máis tardar o 30 de setembro pecharanse os importes por sección, servizo, programa, e proxecto orzamentario e cargaranse as correspondentes validacións no aplicativo de orzamentos.

As regras de validación cargaranse pola Subdirección Xeral de Orzamentos entre os días 1 e 3 de outubro.

SÉTIMA.- PROCEDEMENTO A SEGUIR POLA ADMINISTRACIÓN XERAL, ORGANISMOS AUTÓNOMOS, AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS DE CONSULTA OU ASESORAMENTO PARA A SUBMINISTRACIÓN DOS DATOS PRECISOS PARA A ELABORACIÓN DO ORZAMENTO

Unha vez validadas as contías por sección - servizo - programa - proxecto cómpre proceder á carga do orzamento definitivo no aplicativo correspondente de cara á elaboración dos documentos orzamentarios aos que fai referencia o artigo 51.5 do TRLRFO.

Nesta fase da elaboración do orzamento gravaranse as pantallas correspondentes ao orzamento de gastos:



Da forma descrita, o proxecto de gasto está configurado para a consecución dun obxectivo inmediato (realización dun obxectivo operativo/instrumental) e co fin de acadar a consecución dun obxectivo estratéxico a medio prazo do centro directivo responsable.

Orzamento de gastos por proxecto, servizo e programa. Pestana PEG

Esta pestana representa a vinculación ao vixente Plan Estratéxico de Galicia para o período 2022-2030.

Os centros xestores vincularán os proxectos orzamentarios, por medio desta pantalla, aos obxectivos estratéxicos e operativos/instrumentais. Esta asociación formúlase cunha estrutura de 4 niveis, de xeito que cada proxecto quede perfectamente identificado co obxectivo operativo ou instrumental que pretende desenvolver.

Cada proxecto de gasto no detalle de sección/servizo/programa ten que relacionarse cun único obxectivo operativo ou instrumental do PEG, sen prexuízo de que un obxectivo operativo poida ser acadado con varios proxectos de gasto.

Para isto, deberase seleccionar no despregable unha soa das combinacións posibles de Eixe/Prioridade de Actuación/Obxectivo estratéxico/Obxectivo operativo ou instrumental.

Ao premer no primeiro nivel (eixe), só aparecerán no despregable seguinte as prioridades de actuación contidas no mesmo. Ao seleccionar a prioridade, sucederá o mesmo cos obxectivos estratéxicos, ata finalmente seleccionar o obxectivo operativo. Para facilitar o encaixe dos proxectos na estrutura do PEG, e dado que os programas de gasto están vencellados a un ou varios obxectivos estratéxicos, as posibilidades estarán acotadas en función do programa de gasto ao que pertence o proxecto..

Soamente se poden escoller os obxectivos instrumentais "Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)" ou "Transferencias internas" cando se trate de gastos desa natureza ou cando estean asociados ao funcionamento operativo dos servizos da administración. Non se seleccionarán ditos obxectivos instrumentais cando se trate de proxectos que financien axudas ou subvencións, investimento novo en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral, ...

Da forma descrita, o proxecto de gasto está configurado para a consecución dun obxectivo inmediato (realización dun obxectivo operativo/instrumental) e co fin de acadar a consecución dun obxectivo estratéxico a medio prazo do centro directivo responsable.



Para os proxectos vixentes en 2024 figurará precargada a vinculación ao PEG aos catro niveis (E/PA/OE ou OI/OO), debendo comprobar o xestor a súa pertinencia.

Co obxectivo dunha cuantificación máis rigorosa do esforzo que se fai dende o sector público no eido da I+D+i, será necesario que os centros xestores identifiquen e clasifiquen de xeito separado toda actuación vinculada a este eido.

Na actual estrutura do PEG 22-30, diferenciamos tres grandes grupos de I+D+i:

- Investigación sanitaria: no obxectivo estratéxico (OE) 1.4.6 - Fomentar a I+D+i no Sistema Público de Saúde de Galicia dirixida as necesidades dos e das pacientes co obxectivo de mellorar a súa atención e a transferencia dos resultados á sociedade. O único programa ligado actualmente a este OE é o 561C – investigación sanitaria.- Investigación universitaria: no obxectivo estratéxico (OE) 3.1.2 - Mellorar e fortalecer a capacidade investigadora das Universidades galegas, Impulsar os centros e Institutos de Investigación e desenvolver un sistema de transferencia efectivo que permita capitalizar o coñecemento xerado. O único programa ligado actualmente a este OE é o 561B – investigación universitaria.
- Resto da I+D+i: no obxectivo estratéxico (OE) 3.1.1 - Fomentar o investimento en I+D+i no sector empresarial, dinamizar a transferencia de coñecemento ao mercado reforzando a colaboración entre os axentes do ecosistema de I+D+i, avanzar na especialización (...). O único programa ligado actualmente a este OE é o 561A - Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica.

Na actualidade estase a evidenciar que hai actuacións de I+D+i (non sanitaria nin universitaria) que se están a recoller noutros programas e obxectivos estratéxicos. Estas actuacións forman parte de proxectos que inclúen actuacións de diversa índole e que están integrados en programas distintos ao 561A por razóns de carácter operativo.

A novidade consiste en identificar as actuacións susceptibles de ser recollidas no OE 3.1.1 (e que non están vencelladas actualmente nin a este OE nin ao programa 561A) e incorporalas nun novo código de proxecto distinto da "actuación principal ou proxecto matriz" (mantendo o mesmo programa), que será vinculado a dito OE máis convinte dentro do mesmo, ou no seu defecto, no 0099 – Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico.


Exemplo: imaxinemos un proxecto que contempla unha convocatoria de axudas ao sector gandeiro, vinculado ao programa de gasto **712B** - Modernización e diversificación do tecido produtivo rural e **encaixado no OE 3.5.1** - Aumentar a rendibilidade e a competitividade dos






sistemas produtivos das explotacións agro gandeiras e fomentar a súa modernización e diversificación ao tempo que se reduce a pegada da agricultura e gandería no eido medioambiental. Se unha parte do orzamento do proxecto está reservado a actuacións de I+D+i, esta parte debe separarse e incorporarse nun novo código de proxecto (co mesmo código de xestor e programa que o proxecto principal, neste exemplo, o programa 712B) pero dito proxecto debe vincularse ao **OE 3.1.1**, e en concreto ao **0008 - 0008 Actividades de I+D+i no sector primario (agro gandeiro, forestal, minería, pesca e acuicultura)**.

ANTES:



AGORA:





Entidade.Sección.Servicio.Programa.**Proxecto**

En definitiva, mantense o mesmo código de entidade, sección, servizo e programa pero diferenciaranse as actuacións a través do código de proxecto. A vinculación á estrutura do PEG é o que variará para o caso das actuacións relacionadas coa I+D+i.

Deste xeito, no OE 3.1.1 estarían efectivamente cuantificadas todas as actuacións relacionadas coa I+D+i (non universitaria nin sanitaria) sen estar necesariamente incluídas no programa de gasto 561A.

Orzamento de gastos por proxecto, servizo e programa. Pestana Indicadores

O paso seguinte é asociar aos proxectos de gasto os indicadores de produtividade definidos no PEG. Por regra xeral inclúíranse sempre que sexa posible os indicadores clave de produtividade seleccionados tralo proceso de análise e definición dos mesmos, realizado cos órganos xestores, xa que son os mais representativos e permiten a medición das principais actividades de cada obxectivo estratéxico.

Para determinar o grao de cumprimento do obxectivo perseguido, cada proxecto de gasto conterá os indicadores de produtividade, entre os que se inclúen os dos Programas Operativos dos fondos europeos do Marco 2021-2027.

Todos os proxectos de gasto e as súas combinacións de sección/servizo/programa deberán ter asociado como mínimo un indicador de produtividade, especialmente os indicadores clave de produtividade, no que se anotará o valor previsto a acadar na anualidade 2024, atendendo á dotación financeira do proxecto ao que se asocie. Terase coidado en evitar as posibles



repeticións de indicadores e valores iguais en varios proxectos, para garantir que a agregación de indicadores e valores sexa correcta e non recolla duplicidades ou datos incorrectos.

Esta información permitirá comprobar o grao de cumprimento (eficacia e eficiencia) para o que se solicitarán os valores realizados ao final do exercicio, que serán contrastados cos valores previstos nos orzamentos, e formará parte do Informe de seguimento anual do PEG.

No caso de non figurar no catálogo de indicadores do PEG, o xestor poderá propoñer á Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico a alta dun novo indicador acompañando esa petición coa súa definición, unidade de medida e xustificación. En concreto á Subdirección Xeral de Planificación e Análise Económica, a través do correo: planificacion.facenda@xunta.gal.

Para os proxectos vixentes no 2024 figurará precargado o indicador/es do orzamento 2024, tendo que comprobar o xestor a súa pertinencia e cumprimentar o valor previsto da anualidade 2025.

Orzamento de gastos por proxecto, servizo e programa. Pestana Plans de Actuación

Esta pantalla mostrará, para a combinación de servizo-programa, os plans de actuación sectoriais e/ou transversais vixentes, para o órgano xestor.

Seleccionarase un ou máis Plans de actuación sectorial ou transversal dos xa incluídos no PEG a nivel de Obxectivo estratéxico.

Tamén figurará precargado nos proxectos vixentes 2024.

Orzamento de gastos por proxecto, servizo e programa. Pestana Territorialización

Consonte co disposto no artigo 51 do TRLRFO, no anexo de investimentos reais (capítulo VI) que acompaña ao proxecto de lei de orzamentos conterá a súa distribución territorial, a cal, segundo a resolución adoptada no Parlamento de Galicia, terá o maior grado de desagregación posible.

As dotacións orzamentarias dos proxectos de gasto deberán concretar a súa distribución territorial por concello, agás cando pola natureza do gasto non poida identificarse a priori o destinatario.



Así, polo que se refire ao capítulo I "gastos de persoal", a desagregación territorial, levarase a cabo pola Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autónomo.

No caso de gastos de funcionamento (capítulo II), a territorialización realizarase atendendo á onde se sitúe a sede dos diferentes centros de gasto que financia.

Os gastos correspondentes ao investimento de reposición e mellora de investimentos asociados ao funcionamento dos servizos administrativos de cada área ou de cada consellería asignarase ao Concello de Santiago de Compostela, cando se trate de servizos centrais, e ao concello no que teña a sede a delegación territorial, cando se trate de proxectos de gastos desconcentrados.

O resto de proxectos de gastos do capítulo VI territorializaranse no concello no que se leve a cabo o investimento.

Para os casos de transferencias (capítulos IV e VII) que non sexan en concorrencia, a territorialización realizarase no concello no que se leve a cabo a actuación.

Tamén figurará precargado nos proxectos vixentes en 2023, mantendo a distribución territorial e as porcentaxes que tiñan, que terá que ser revisada e/ou actualizada polo xestor.

Lémbrese que esta desagregación territorial figurará visible no Anexo de Investimentos, polo que se deberá prestar especial atención a este apartado.

A territorialización poderá asignarse tanto en porcentaxe como en importes concretos.

Orzamento de gastos por proxecto, servizo e programa. Pestana impacto na infancia e adolescencia.

Esta pestana ten como finalidade determinar o impacto que teñen os proxectos de gasto nos dereitos da infancia e mocidade galega. O colectivo inclúe os nenos e nenas de 0 a 17 anos: primeira Infancia (0-5 anos), infancia (6 - 11 anos) e adolescencia (12 – 17 anos).

O primeiro paso é determinar se o proxecto afecta a toda á poboación de forma xenérica ou a un determinado colectivo ou subconxunto (por exemplo: persoas desempregadas, inmigrantes, menores de idade, etc.). Como consecuencia desta elección:

- Se o proxecto de gasto afecta a toda á poboación, o sistema asignará, de xeito automático, unha porcentaxe de contribución ou impacto previamente establecida. Será a porcentaxe que representan os menores de idade no conxunto da poboación galega. Neste



caso se entende que o proxecto non impacta de forma directa no colectivo de infancia e adolescencia, polo que falamos dunha incidencia indirecta.

- Se afecta a un subconxunto da poboación, o xestor deberá establecer, se existe, a porcentaxe do total do proxecto que impacta nos menores de idade. Aínda que non exista impacto na infancia e adolescencia, deberase asignar necesariamente un 0%. Se o subconxunto ou colectivo son "familias" a porcentaxe de incidencia deberá ser necesariamente do 100%.

Cando o proxecto de gasto afecta directa ou indirectamente á infancia (é dicir, cando a incidencia sexa superior ao 0%) é necesario determinar o tipo de gasto (ou dereito) que se ve afectado, dentro dos definidos pola Convención sobre os Dereito do Neno. Para isto deberase premer en "NOVO" engadindo tantos subtipos como sexa necesario e seleccionándoo dunha lista despregable.

Unha vez seleccionado o subtipo de gasto indicárase a porcentaxe destinada ao mesmo (alimentación, vivenda saúde, etc.), respecto do total do proxecto. Se só foi seleccionado un subtipo de gasto, deberá cubrirse necesariamente o valor de 100. Cando se seleccionen máis dun subtipo, será obrigatorio que as porcentaxes de reparto indicadas para cada un deles sumen un 100% en total.

Para os proxectos vixentes nos orzamentos de 2024, aparecerá precargada a información, sendo necesario comprobar a súa pertinencia.

No anexo I recóllese unha relación dos dereitos e subdereitos da infancia (ou subtipos de gasto) establecidos pola Convención sobre os Dereito do Neno.

Orzamento de gastos por proxecto, servizo e programa. Pestana Obxectivos ODS.

Os centros xestores vincularán os proxectos orzamentarios, por medio desta pantalla, aos Obxectivos de Desenvolvemento sustentable (ODS) da Axenda 2030.

Cando exista contribución directa das actuacións dun proxecto de gasto á consecución dalgunha das metas dun ODS, o centro xestor deberá identificar o ODS, a meta concreta dentro do mesmo e establecer a porcentaxe de contribución respecto do total do proxecto.

Entenderase que existe contribución directa cando as metas específicas dun ODS constitúen o obxectivo ou obxectivos principais da actuación orzada, sen prexuízo de que existan outros obxectivos de carácter secundario.



Poderá vincularse cada proxecto orzamentario a tantos ODS como relación exista entre as actuacións do mesmo e as metas da Axenda 2030. Engadiranse estas vinculacións a través da pestana "NOVO".

Non todos os proxectos ou a totalidade do mesmo ten que estar vinculado á Axenda 2030. Nestes casos, deberá empregarse necesariamente a opción: "Non aliñado cos obxectivos ODS", establecendo tamén de forma precisa a porcentaxe non aliñada (que poder ser do 100% ou menor).

Desta forma, sendo obrigatorio indicar a porcentaxe de aliñamento ou a falta do mesmo, o sistema garante que todo o desagregado porcentualmente suma un 100% (a porcentaxe "Non aliñada cos obxectivos ODS" (se existe) máis as porcentaxes indicadas por meta ODS deben sumar ese 100%).

Para os proxectos vixentes nos orzamentos de 2024, aparecerá precargada a información, sendo necesario comprobar a súa pertinencia.

No anexo II recóllese unha relación das metas específicas de cada un dos 17 ODS definidos por Nacións Unidas na Axenda 2030.

OITAVA.- ORZAMENTO DE INGRESOS

Nesta pantalla aparecerán precargados os datos relativos á "dereitos recoñecidos netos 2023" e inicial 2024 e non poderán ser modificados polo xestor.

Os organismos autónomos, axencias e entidades de consulta e asesoramento, cargarán nesta pantalla os ingresos propios, é dicir, sen as transferencias internas, que espera obter no 2025, de acordo coa clasificación que figura en anexo I da Orde do 17 de xuño de 2024, respectando os importes decididos na Comisión Funcional de Ingresos e que foron trasladados á aplicación pola Subdirección Xeral de Financiamento Autonómico, Recursos e Análise Orzamentaria, mediante as correspondentes regras de validación de cada ingreso.

As entidades mencionadas procederán, mediante a pantalla de xestión e envío de propostas de orzamentos, á carga e envío destes ingresos á Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico antes do 6 de setembro. Realizado o envío, a modificación destes ingresos soamente poderá realizarse desde a propia dirección xeral de orzamentos.



Será requisito imprescindible para o envío do orzamento de gastos definitivo, que o orzamento de ingresos enviado a Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autónomo sexa tamén o definitivo, debendo estar ambos cadrados.

NOVENA.- DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS E AXENCIAS PÚBLICAS

Estes entes con orzamento de gastos de carácter limitativo elaborarán o seu orzamento axustándoo á estrutura que se recolle neste punto, composta polos seguintes documentos:

Detalle de ingresos e gastos coa estrutura do anexo I e II da Orde de elaboración de orzamentos.

Ao detalle de ingresos e gastos uniranse ademais:

- a) Estado demostrativo da variación do remanente de tesourería.
- b) Conta financeira en termos de contabilidade nacional.



a) Estado demostrativo da variación do remanente de tesouraría.

	REMANENTE A 31-12-2023	PREVISIÓN A A 31-12-2024
Saldos de contas bancarias		
Dereitos recoñecidos pendentes de cobro		
De exercicio corrente		
De exercicios anteriores		
De operacións non orzamentarias		
TOTAL		
A deducir :		
Obrigas recoñecidas pendentes de pago		
De exercicio corrente		
De exercicios anteriores		
De operacións non orzamentarias		
TOTAL		
REMANENTE TOTAL		
Remanente afectado		
REMANENTE LIBRE DISPOSICIÓN		
Remanente de libre disposición a 31 de decembro de 2023		
Asdo: O/A interventor/a delegado/a do organismo/axencia:		

b) Conta financeira:





(Miles €)	LIQUIDACIÓN 2023	PREVISIÓN 2024	ORZAMENTO 2025	2024/2023 (%)	2025/2024 (%)
Capítulo I					
Capítulo II					
Capítulo III					
Capítulo IV					
Capítulo V					
Ingresos correntes					
Capítulo I					
Capítulo II					
Capítulo III					
Capítulo IV					
Capítulo V					
Gastos correntes					
AFORRO BRUTO ORZAMENTARIO					
Capítulo VI					
Capítulo VII					
Ingresos de capital					
Capítulo VI					
Capítulo VII					
Gastos de capital					
SALDO OPERACIÓN CAPITAL					
DÉF/SUP ORZAMENTARIO NON FINANCEIRO					
Capítulo VIII					
Capítulo IX					
Ingresos financeiros					
Capítulo VIII					
Capítulo IX					
Gastos financeiros					
SALDO DE ACTIVOS FINANCEIROS					
VARIACIÓN NETA PASIVOS FINANCEIROS					
Total axustes Contabilidade Nacional (Especificar)					
CAP/NEC DE FINANCIAMENTO SEC´10					

DÉCIMA.- PROCEDIMIENTO A SEGUIR PARA A ORZAMENTACIÓN DAS ENCOMENDAS DE XESTIÓN Á AXENCIA PÚBLICA DE INFRAESTRUTURAS

O artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do Sector Público Autonómico de Galicia, define as axencias públicas autonómicas como entidades instrumentais do sector público autonómico.

Por outro lado, o artigo 47 da citada lei, establece :



"1. Para os efectos previstos no artigo 4º.1 n) e 24º.6 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, todas as entidades instrumentais determinadas no artigo 45 teñen a consideración de medios propios e servizos técnicos daqueles poderes adjudicatarios para os cales realicen a parte esencial da súa actividade cando estes exerzan sobre aquelas un control análogo ao que poden exercer sobre os seus propios servizos ...

2. O carácter de medio propios instrumentais e servizos técnicos da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, comporta para as entidades, de acordo co previsto na lexislación de contratos do sector público, a obriga de executar as encomendas ou encargos que os poderes adjudicatarios que os controlan e os seus medios propios dentro do ámbito do seu obxectivo social e nos termos fixados nos seus estatutos".

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, na súa disposición adicional cuarta, autoriza a creación da Axencia Galega de Infraestruturas.

A Axencia Galega de Infraestruturas ten a consideración de medio propio e servizo técnico da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e dos poderes adjudicadores dependentes dela. As relacións da Axencia con estes poderes adjudicadores artículanse a través das encargas a medio propio das previstas no artigo 32 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos del Sector Público.

Para as encomendas de xestión que as consellerías lle realicen á Axencia Galega de Infraestruturas para a realización de investimentos, procederase do seguinte modo:

A consellería ou entidade que realice unha encomenda á Axencia Galega de Infraestruturas, orzamentará a actuación na aplicación orzamentaria que corresponda do artigo 66 da clasificación económica do gasto, segundo se define na Orde do 6 de xullo, pola que se ditan instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2024.

Pola súa parte, a axencia orzamentará un ingreso no artigo 34 polo importe da encomenda, de acordo coa clasificación definida na Orde do 14 de xuño de 2024, pola que se ditan instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2025.

Pola parte do gasto, orzamentará a operación no concepto que corresponda, e no mesmo programa en que figura a encomenda.



DÉCIMO PRIMEIRA.- INSTRUCCIÓN PARA A CONFECCIÓN DAS MEMORIAS DAS CONSELLERÍAS

MEMORIA II

A memoria explicativa de cada consellería sobre os orzamentos para o ano 2024 incluírá a información relativa a:

- A propia consellería.
- Aos organismos autónomos, entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento e axencias públicas autonómicas, que, se é o caso, teña adscritos.
- As entidades públicas empresariais, aos consorcios autonómicos, as sociedades mercantís públicas autonómicas e fundacións do sector público autonómico dela dependentes.

O desenvolvemento da memoria realizarase conforme o esquema que se indica a continuación:

1. ESTRUCTURA ORGÁNICA E COMPETENCIAS

- Cada departamento deberá, segundo o decreto polo que se fixa a súa estrutura orgánica, establecer os diferentes órganos que o forman. Recolleranse ademais todos aqueles que conformen o sector público autonómico e que estean adscritos ao devandito departamento.
- Estableceranse a continuación as competencias e finalidades dos órganos citados anteriormente (facendo referencia, no caso de competencias asumidas recentemente, ao real decreto polo que se aprobou o traspaso de funcións e servizos).

2. PRINCIPALIS LIÑAS DE ACCIÓN PARA O ANO 2025

- Exporanse de forma xenérica os obxectivos que con carácter prioritario se pretenden acadar e as liñas de acción que se van a seguir, así como as actuacións básicas que deberán ser desenvolvidas para a súa realización, coa seguinte estrutura:
 - 2.1. Da consellería
 - 2.2. Dos organismos autónomos
 - 2.3. Das entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento



- 2.4. Das axencias públicas autonómicas
- 2.5. Das entidades públicas empresariais
- 2.6. Dos consorcios autonómicos
- 2.7. Das sociedades mercantís públicas autonómicas
- 2.8. Das fundacións do sector público autonómico

3. ORZAMENTO DE GASTOS POR PROGRAMAS

Para cada un dos programas de gasto da consellería, dos organismos autónomos e das axencias públicas adscritos, desenvolveranse os puntos seguintes:

A. Descrición do programa

Incluirase o obxectivo estratéxico do PEG ao que atende cada programa e o indicador ou indicadores de resultado ao que contribúe.

Incluirase unha descrición do contido do programa de acordo coa seguinte estrutura:

A.1. Necesidade que trata de atender o programa: debe identificar con claridade cal é o motivo que xustifica a intervención pública, expresando o ámbito concreto do programa.

A.2. Poboación o colectivo ao que se dirixe: indicando se ten carácter universal ou afecta a sectores concretos da poboación. No seu caso, terán que describirse e analizarse os diferentes subgrupos que dalgunha forma incidan no desenvolvemento da estratexia do programa ou resulten relevantes na implantación das actuacións previstas.

A.3. Detalle da situación de partida: ten que describir a situación actual. Avaliar a magnitude do problema na actualidade, a súa distribución, ben por colectivos ou por territorio ou por outras variables. Ten que determinar as causas que determinan esta situación actual, indicando a súa evolución nos últimos anos, os instrumentos utilizados ata o momento para tratar de resolver a necesidade. Deben tamén concretarse as debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades que existen e proporcionar a información estatística relevante.

A.4. Definición do marco no que se desenvolve o programa: indicando o marco legal e regulamentario que comprende as actuacións do programa, así como os instrumentos de planificación, de carácter sectorial ou transversal, que enmarcan esas actuacións.



A.5. Finalidade e estratexia do programa: debe describir con claridade o que se quere conseguir co programa, concretando o resultado ou impacto que se espera alcanzar e como se vai a lograr.

É dicir, ten que detallarse se co programa se vai solucionar un problema concreto de forma directa ou, pola contra, se co programa se van utilizar os recursos nun proceso de transformación, de xeito que se realicen actividades ou se consigan determinados produtos intermedios que indirectamente faciliten a solución do problema.

B. Análise e explicación do impacto que na igualdade entre mulleres e homes se prevé producir como consecuencia das actuacións que se van desenvolver

Esta información analizase pola Dirección Xeral de Promoción da Igualdade e formará parte do informe de impacto de xénero dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2025 que elaborará a devandita dirección xeral.

1.- Clasificación do programa (marcar cunha X):

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medio ambiente, a sociedade mo seu conxunto, etc...)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión*	

*No suposto de programas destinados exclusivamente a actividades administrativas de xestión non procede cubrir o resto da ficha.

2.- Breve descrición do programa desde a perspectiva de xénero.

Esta descrición deberá tratar os seguintes puntos:

- Estatísticas e situación das mulleres e dos homes en relación cos ámbitos prioritarios de intervención do programa de gasto (diagnóstico)



- Información sobre a realidade social de partida, dende a perspectiva de xénero neste ámbito
- Número de mulleres e homes potenciais beneficiarias/os do programa de gasto
- Existencia de indicadores con relevancia de xénero (citar)
- Outros datos específicos relacionados co programa e coa poboación obxectivo das actividades desagregados por sexo

**Indicar nos dous primeiros ítems a procedencia dos datos: exercicio anterior, estudos e/ou investigacións, etc..*

3.- Identificación dun ou varios obxectivos en materia de igualdade presentes na normativa e plans vixentes e que son de aplicación no desenvolvemento das accións contempladas neste programa (marcar cunha X):

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á sociedade da información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

4.- Identificación das actividades previstas directamente relacionadas coa promoción da igualdade entre mulleres e homes, indicando para cada unha, as persoas ás que está dirixida. Indicar, no caso de dispor destes datos, as principais características das organizacións (tipo, ámbito territorial, etc...) ou persoas (idade, nivel educativo, etc...), destinatarias das accións.

5.- Previsión e valoración dos posibles efectos do programa sobre un e outro sexo e sobre a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.



6.- Sinalar os principais resultados do programa, dende o punto de vista do xénero, no exercicio 2022.

7.- Indicar se se teñen implantadas novas estratexias para unha mellor incorporación da perspectiva de xénero na xestión, desenvolvemento e avaliación das accións que financia o programa de gasto. En caso afirmativo, facer unha breve descrición. En caso negativo, indicar as dificultades atopadas para levalo a cabo.

C.- Órganos encargados da súa xestión

Relacionaranse os centros directivos, a nivel de servizos orzamentarios así como tamén os organismos autónomos e axencias públicas adscritos encargados da execución do programa.

4. CADROS NUMÉRICOS

Corresponderalle á Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autónomo a inclusión nesta memoria dos cadros relativos á distribución orgánica e económica dos créditos de cada sección, dos organismos autónomos, axencias públicas e das entidades públicas a elas adscritas.

DÉCIMO PRIMEIRA (bis).- INSTRUCCIÓN TRAMITACIÓN LEI DE MEDIDAS

1. O 4 de xullo constituíuse a Comisión de elaboración da Lei de Medidas, a persoa representante de cada consellería disporá ata o 4 de setembro para enviar unha relación das propostas normativas que se propoñen incluír no anteproxecto de lei, indicando para cada un deles o motivo e o seu impacto económico nos orzamentos.

2. Na dita data, a comisión aprobará o texto definitivo das propostas normativas, a súa memoria xustificativa, así como a natureza e avaliación do seu impacto económico-financeiro. A realización destas tarefas poderá concretarse en reunións separadas entre os representantes da Consellería de Facenda e da Asesoría Xurídica Xeral e a persoa representante de cada consellería que, logo da solicitude, poderá vir acompañada doutros membros da consellería en calidade de asesores/as por razón da materia de que se trate.

3. Antes do 9 de outubro, a comisión pechará o texto íntegro do articulado do anteproxecto de lei de medidas, que se remitirá ao órgano competente da Consellería de Facenda e Administración Pública para a súa tramitación.



DÉCIMO SEGUNDA.- PRAZOS DE REMISIÓN DA DOCUMENTACIÓN SINALADA

1.- Con carácter previo ao inicio do proceso de elaboración do orzamento e, en todo caso, antes da primeira quincena de xullo:

Designación e comunicación aos correos electrónicos sinalados dos responsables aos que se refire a instrución segunda.

Peche das previsións de ingresos de taxas, prezos, transferencias finalistas e os correspondentes a organismos autónomos, axencias públicas e entidades de consulta e asesoramento pola Comisión de Ingresos Propios e Finalistas.

2.- Documentación a remitir antes do 6 de setembro

Remítanse as propostas de medidas normativas a recoller na lei de orzamentos.

3.- Outra documentación orzamentaria a remitir antes do día 13 de setembro:

Cada consellería remitirá a súa memoria conforme ao contido sinalado na norma décimo primeira desta instrución.

Para estes efectos, as persoas responsables designadas en cada consellería situarán no almacén de textos de que dispoña a aplicación informática elaborada para a configuración da Memoria II, os seguintes contidos:

- Ficheiro de "WORD", elaborado consonte as especificacións da Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico, que conteña o apartado de "Estrutura orgánica e competencias" previsto no número 1 da norma décimo primeira desta instrución.
- Ficheiro de "WORD", elaborado consonte as especificacións da Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico, que conteña o apartado de "Principais liñas de acción para o ano 2025" previsto no número 2 da norma décimo primeira desta instrución.
- Ficheiro de "WORD", elaborado consonte as especificacións da Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico, que conteña as letras A e B do apartado de "Orzamento de gastos por programas" previsto no número 3 da norma décimo primeira desta instrución.



Corresponderalle á Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autónomico a elaboración e posterior suba ao almacén de textos de que dispoña a aplicación informática elaborada para a configuración da Memoria II, os seguintes contidos:

- Ficheiro que conteña os cadros aos que se refire o número 4 da norma décimo primeira dedicada as memorias das consellerías, elaborados sobre a base da información que ao respecto introduciron os centros xestores a través das correspondentes pantallas previstas nas normas terceira e quinta destas instrucións.

6.- Documentación a remitir a partir do 4 de outubro:

Unha vez validados os obxectivos estratéxicos e operativos, indicadores e plans de actuación e realizadas as reunións coas distintas consellerías para pechar definitivamente as cifras do orzamento, procederase pola Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autónomico a cargar as regras de validación que reflicten os anteriores valores e magnitudes. A partir dese momento e nas datas que se determinan no calendario adxunto, o responsable de cada sección procederá á remisión definitiva da documentación a que se refire a pantalla PRA11, PRA12, PRA15, PRA54.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
O director xeral de Orzamentos e Financiamento Autónomico
Arturo López Iglesias





ANEXO I

DEREITOS DA INFANCIA E ADOLESCENCIA

	SUBTIPO DE DEREITO/GASTO
SUPERVIVENCIA	1.1 Alimentación 1.2 Vivenda e infraestruturas básicas 1.3 Saúde 1.4 Asistencia social 1.5 Benestar económico
DESENVOLVEMENTO PLENO	2.1 Educación 2.2 Cultura e ocio 2.3 Políticas de xuventude 2.4 Desenvolvemento económico e medioambiental
PROTECCIÓN	3.1 Dereitos básicos 3.2 Protección 3.3 Seguridade 3.4 Xustiza
INFORMACIÓN	4.1 Información 4.2 Participación
OUTROS	5. Outros bens públicos





ANEXO II

METAS ESPECÍFICAS DE CADA UN DOS 17 ODS DA AXENDA 2030

Nº ODS 2030	Denominación ODS	Obxectivos específicos	Denominación obxectivos específicos
1	ODS 1. Poñer fin á pobreza en todas as súas formas e en todo o mundo	1.1	De aquí a 2030, erradicar para todas as persoas e en todo o mundo a pobreza extrema
		1.2	De aquí a 2030, reducir polo menos á metade a proporción de homes, mulleres e nenos de todas as idades que viven na pobreza en todas as súas dimensións conforme as definicións nacionais
		1.3	Implementar a nivel nacional sistemas e medidas apropiados de protección social para todos, incluídos niveis mínimos, e, de aquí a 2030, lograr unha ampla cobertura das persoas pobres e vulnerables
		1.4	De aquí a 2030, garantir que todos os homes e mulleres, en particular os pobres e os vulnerables, teñan os mesmos dereitos aos recursos económicos e acceso aos servizos básicos, a propiedade e o control da terra e outros bens, a herdanza, os recursos naturais, as novas tecnoloxías apropiadas e os servizos financeiros, incluída a microfinanciación
		1.5	De aquí a 2030, fomentar a resiliencia dos pobres e as persoas que se atopan en situacións de vulnerabilidade e reducir a súa exposición e vulnerabilidade aos fenómenos extremos relacionados co clima e outras perturbacións e desastres económicos, sociais e ambientais
		1.a	Garantir unha mobilización significativa de recursos procedentes de diversas fontes, mesmo mediante a mellora da cooperación para o desenvolvemento, a fin de proporcionar medios suficientes e previsibles aos países en desenvolvemento, en particular os países menos adiantados, para que implementen programas e políticas encamiñados a poñer fin á pobreza en todas as súas dimensións
		1.b	Crear marcos normativos sólidos nos planos nacional, rexional e internacional, sobre a base de estratexias de desenvolvemento en favor dos pobres que teñan en conta as cuestións de xénero, a fin de apoiar o investimento acelerado en medidas para erradicar a pobreza
2	ODS 2. Poñer fin á fame, lograr a seguridade alimentaria e a mellora da nutrición e promover a agricultura sustentable	2.1	De aquí a 2030, poñer fin á fame e asegurar o acceso de todas as persoas, en particular os pobres e as persoas en situacións de vulnerabilidade, incluídos os nenos menores de 1 ano, a unha alimentación sa, nutritiva e suficiente durante todo o ano
		2.2	De aquí a 2030, poñer fin a todas as formas de malnutrición, incluso logrando, como moi tarde en 2025, as metas convidadas internacionalmente sobre o atraso do crecemento e a emaciación dos nenos menores de 5 anos, e abordar as necesidades de nutrición das adolescentes, as mulleres embarazadas e lactantes e as persoas de idade
		2.3	De aquí a 2030, duplicar a produtividade agrícola e os ingresos dos produtores de alimentos en pequena escala, en particular as mulleres, os pobos indíxenas, os agricultores familiares, os gandeiros e os pescadores, entre outras cousas mediante un acceso seguro e equitativo ás terras, a outros recursos e insumos de produción e aos coñecementos, os servizos financeiros, os mercados e as oportunidades para engadir valor e obter empregos non
		2.4	De aquí a 2030, asegurar a sustentabilidade dos sistemas de produción de alimentos e aplicar prácticas agrícolas resilientes que aumenten a produtividade e a produción, contribúan ao mantemento dos ecosistemas, fortalezan a capacidade de adaptación ao cambio climático, os fenómenos meteorolóxicos extremos, as secas, as inundacións e outros desastres, e melloren progresivamente a calidade da terra e o chan
		2.5	De aquí a 2020, manter a diversidade xenética das sementes, as plantas cultivadas e os animais de granxa e domesticados e as súas correspondentes especies silvestres, entre outras cousas mediante unha boa xestión e diversificación dos bancos de sementes e plantas a nivel nacional, rexional e internacional, e promover o acceso aos beneficios que se deriven da utilización dos recursos xenéticos e os coñecementos tradicionais conexos e a
		2.a	Aumentar, mesmo mediante unha maior cooperación internacional, os investimentos en infraestrutura rural, investigación e servizos de extensión agrícola, desenvolvemento tecnolóxico e bancos de xenes de plantas e gañado a fin de mellorar a capacidade de produción agropecuaria nos países en desenvolvemento, particularmente nos países menos adiantados
		2.b	Corrixir e previr as restricións e distorsións comerciais nos mercados agropecuarios mundiais, mesmo mediante a eliminación paralela de todas as formas de subvención ás exportacións agrícolas e todas as medidas de exportación con efectos equivalentes, de conformidade co mandato da Rolda de Doha para o Desenvolvemento
2.c	Adoptar medidas para asegurar o bo funcionamento dos mercados de produtos básicos alimentarios e os seus derivados e facilitar o acceso oportuno á información sobre os mercados, mesmo sobre as reservas de alimentos, a fin de axudar a limitar a extrema volatilidade dos prezos dos alimentos		





3	ODS 3. Garantir unha vida saudable e promover o benestar de todas as idades	3.1	De aquí a 2030, reducir a taxa mundial de mortalidade materna a menos de 70 por cada 100.000 nados vivos
		3.2	De aquí a 2030, poñer fin ás mortes evitables de recentemente nados e de nenos menores de 5 anos, logrando que todos os países tenten reducir a mortalidade neonatal polo menos a 12 por cada 1.000 nados vivos e a mortalidade dos nenos menores de 5 anos polo menos a 25 por cada 1.000 nados vivos
		3.3	De aquí a 2030, poñer fin ás epidemias da SIDA, a tuberculose, a malaria e as enfermidades tropicais desatendidas e combater a hepatite, as enfermidades transmitidas pola auga e outras enfermidades transmisibles
		3.4	De aquí a 2030, reducir nun terzo a mortalidade prematura por enfermidades non transmisibles mediante a súa prevención e tratamento, e promover a saúde mental e o benestar
		3.5	Fortalecer a prevención e o tratamento do abuso de substancias aditivas, incluído o uso indebido de estupefacientes e o consumo nocivo de alcohol
		3.6	3.6 De aquí a 2020, reducir á metade o número de mortes e lesións causadas por accidentes de tráfico en o mundo
		3.7	De aquí a 2030, garantir o acceso universal aos servizos de saúde sexual e reprodutiva, incluídos os de planificación familiar, información e educación, e a integración da saúde reprodutiva nas estratexias e os programas nacionais
		3.8	Lograr a cobertura sanitaria universal, incluída a protección contra os riscos financeiros, o acceso a servizos de saúde esenciais de calidade e o acceso a medicamentos e vacúas inocuos, eficaces, alcanzables e de calidade para todos
		3.9	De aquí a 2030, reducir considerablemente o número de mortes e enfermidades causadas por produtos químicos perigosos e pola polución e contaminación do aire, a auga e o chan
		3.a	Fortalecer a aplicación do Convenio Marco da Organización Mundial da Saúde para o Control do Tabaco en todos os países, segundo proceda
		3.b	Apoiar as actividades de investigación e desenvolvemento de vacinas e medicamentos contra as enfermidades transmisibles e non transmisibles que afectan primordialmente aos países en desenvolvemento e facilitar o acceso a medicamentos e vacinas esenciais alcanzables de conformidade coa Declaración relativa ao Acordo sobre os Aspectos dos Dereitos de Propiedade Intelectual Relacionados co Comercio e a Saúde Pública, na que se afirma o
		3.c	Aumentar considerablemente o financiamento da saúde e a contratación, o perfeccionamento, a capacitación e a retención do persoal sanitario nos países en desenvolvemento, especialmente nos países menos adiantados e os pequenos Estados insulares en desenvolvemento
		3.d	Reforzar a capacidade de todos os países, en particular os países en desenvolvemento, en materia de alerta temperá, redución de riscos e xestión dos riscos para a saúde nacional e mundial
4	ODS 4. Garantir unha educación inclusiva e equitativa de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe permanente para todos	4.1	De aquí a 2030, asegurar que todas as nenas e todos os nenos terminen o ensino primario e secundario, que ha de ser gratuíta, equitativa e de calidade e producir resultados de aprendizaxe pertinentes e efectivos
		4.2	De aquí a 2030, asegurar que todas as nenas e todos os nenos teñan acceso a servizos de atención e desenvolvemento na primeira infancia e educación preescolar de calidade, #a fin de que estean preparados para o ensino primario
		4.3	De aquí a 2030, asegurar o acceso igualitario de todos os homes e as mulleres a unha formación técnica, profesional e superior de calidade, incluída o ensino universitario
		4.4	De aquí a 2030, aumentar considerablemente o número de mozos e adultos que teñen as competencias necesarias, en particular técnicas e profesionais, para acceder ao emprego, o traballo decente e o emprendemento
		4.5	De aquí a 2030, eliminar as disparidades de xénero na educación e asegurar o acceso igualitario a todos os niveis do ensino e a formación profesional para as persoas vulnerables, incluídas as persoas con discapacidade, os pobos indíxenas e os nenos en situacións de vulnerabilidade
		4.6	De aquí a 2030, asegurar que todos os mozos e unha proporción considerable dos adultos, tanto homes como mulleres, estean alfabetizados e teñan noicións elementais de aritmética
		4.7	De aquí a 2030, asegurar que todos os alumnos adquiren os coñecementos teóricos e prácticos necesarios para promover o desenvolvemento sustentable, entre outras cousas mediante a educación para o desenvolvemento sustentable e os estilos de vida sustentables, os dereitos humanos, a igualdade de xénero, a promoción dunha cultura de paz e non violencia, a cidadanía mundial e a valoración da diversidade cultural e a contribución da cultura
		4.a	Construír e adecuar instalacións educativas que teñan en conta as necesidades dos nenos e as persoas con discapacidade e as diferenzas de xénero, e que ofrezan contornas de aprendizaxe seguros, non violentos, inclusivos e eficaces para todos
		4.b	De aquí a 2020, aumentar considerablemente a nivel mundial o número de bolsas dispoñibles para os países en desenvolvemento, en particular os países menos adiantados, os pequenos Estados insulares en desenvolvemento e os países africanos, #a fin de que os seus estudantes poidan matricularse en programas de ensino superior, incluídos programas de formación profesional e programas técnicos, científicos, de enxeñaría e de tecnoloxía da
		4.c	De aquí a 2030, aumentar considerablemente a oferta de docentes cualificados, mesmo mediante a cooperación internacional para a formación de docentes nos países en desenvolvemento, especialmente os países menos adiantados e os pequenos Estados insulares en desenvolvemento





5	ODS 5. Lograr a igualdade de xénero e empoderar a todas as mulleres e as nenas	5.1	Poñer fin a todas as formas de discriminación contra todas as mulleres e as nenas en todo o mundo
		5.2	Eliminar todas as formas de violencia contra todas as mulleres e as nenas nos ámbitos público e privado, incluídas trátaa e a explotación sexual e outros tipos de explotación
		5.3	Eliminar todas as prácticas nocivas, como o matrimonio infantil, precoz e forzado e a mutilación xenital feminina
		5.4	Recoñecer e valorar os cuidados e o traballo doméstico non remunerados mediante servizos públicos, infraestruturas e políticas de protección social, e promovendo a responsabilidade compartida no fogar e a familia, segundo proceda en cada país
		5.5	Asegurar a participación plena e efectiva das mulleres e a igualdade de oportunidades de liderado a todos os niveis decisorios na vida política, económica e pública
		5.6	Asegurar o acceso universal á saúde sexual e reprodutiva e os dereitos reprodutivos segundo o acordado de conformidade co Programa de Acción da Conferencia Internacional sobre a Poboación e o Desenvolvemento, a Plataforma de Acción de Beijing e os documentos finais das súas conferencias de exame
		5.6	Asegurar o acceso universal á saúde sexual e reprodutiva e os dereitos reprodutivos segundo o acordado de conformidade co Programa de Acción da Conferencia Internacional sobre a Poboación e o Desenvolvemento, a Plataforma de Acción de Beijing e os documentos finais das súas conferencias de exame
		5.a	Emprender reformas que outorguen ás mulleres igualdade de dereitos aos recursos económicos, así como acceso á propiedade e ao control da terra e outros tipos de bens, os servizos financeiros, a herdanza e os recursos naturais, de conformidade coas leis nacionais
		5.b	Mellorar o uso da tecnoloxía instrumental, en particular a tecnoloxía da información e as comunicacións, para promover o empoderamento das mulleres
		5.c	Aprobar e fortalecer políticas acertadas e leis aplicables para promover a igualdade de xénero e o empoderamento de todas as mulleres e as nenas a todos os niveis
6	ODS 6. Garantir a dispoñibilidade e a xestión sustentable da auga e o saneamento para todos	6.1	De aquí a 2030, lograr o acceso universal e equitativo á auga potable a un prezo alcanzable para todos
		6.2	De aquí a 2030, lograr o acceso a servizos de saneamento e hixiene adecuados e equitativos para todos e poñer fin á defecación ao aire libre, prestando especial atención ás necesidades das mulleres e as nenas e as persoas en situacións de vulnerabilidade
		6.3	De aquí a 2030, mellorar a calidade da auga reducindo a contaminación, eliminando o vertimento e minimizando a emisión de produtos químicos e materiais perigosos, reducindo á metade a porcentaxe de augas residuais sen tratar e aumentando considerablemente a reciclaxe e a reutilización sen riscos a nivel mundial
		6.4	De aquí a 2030, aumentar considerablemente o uso eficiente dos recursos hídricos en todos os sectores e asegurar a sustentabilidade da extracción e o abastecemento de auga doce para facer fronte á escaseza de auga e reducir considerablemente o número de persoas que sofren falta de auga
		6.5	De aquí a 2030, implementar a xestión integrada dos recursos hídricos a todos os niveis, mesmo mediante a cooperación transfronteiriza, segundo proceda
		6.6	De aquí a 2020, protexer e restablecer os ecosistemas relacionados coa auga, incluídos os bosques, as montañas, os humidais, os ríos, os acuíferos e os lagos
		6.a	De aquí a 2030, ampliar a cooperación internacional e o apoio prestado aos países en desenvolvemento para a creación de capacidade en actividades e programas relativos á auga e o saneamento, como os de captación de auga, desalminización, uso eficiente dos recursos hídricos, tratamento de augas residuais, reciclado e tecnoloxías de reutilización
		6.b	Apoiar e fortalecer a participación das comunidades locais na mellora da xestión da auga e o saneamento
7	ODS 7. Garantir o acceso a unha enerxía asequible, fiable, sustentable e moderna para todos	7.1	De aquí a 2030, garantir o acceso universal a servizos enerxéticos alcanzables, fiables e modernos
		7.2	De aquí a 2030, aumentar considerablemente a proporción de enerxía renovable no conxunto de fontes enerxéticas
		7.3	De aquí a 2030, duplicar a taxa mundial de mellora da eficiencia enerxética
		7.a	De aquí a 2030, aumentar a cooperación internacional para facilitar o acceso á investigación e a tecnoloxía relativas á enerxía limpa, incluídas as fontes renovables, a eficiencia enerxética e as tecnoloxías avanzadas e menos contaminantes de combustibles fósiles, e promover o investimento en infraestrutura enerxética e tecnoloxías limpas
		7.b	De aquí a 2030, ampliar a infraestrutura e mellorar a tecnoloxía para prestar servizos enerxéticos modernos e sustentables para todos nos países en desenvolvemento, en particular os países menos adiantados, os pequenos Estados insulares en desenvolvemento e os países en desenvolvemento sen litoral, en consonancia cos seus respectivos programas de apoio
8	ODS 8. Promover o crecemento económico sostido, inclusivo e sustentable, o emprego pleno e produtivo e o traballo decente para todos	8.1	Manter o crecemento económico per cápita de conformidade coas circunstancias nacionais e, en particular, un crecemento do produto interno bruto de polo menos o 7% anual nos países menos adiantados
		8.2	Lograr niveis máis elevados de produtividade económica mediante a diversificación, a modernización tecnolóxica e a innovación, entre outras cousas centrándose nos sectores con gran valor engadido e un uso intensivo da man de obra
		8.3	Promover políticas orientadas ao desenvolvemento que apoién as actividades produtivas, a creación de postos de traballo decentes, o emprendemento, a creatividade e a innovación, e fomentar a formalización e o crecemento das microempresas e as pequenas e medianas empresas, mesmo mediante o acceso a servizos financeiros
		8.4	Mellorar progresivamente, de aquí a 2030, a produción e o consumo eficientes dos recursos mundiais e procurar desvincular o crecemento económico da degradación do medio ambiente, conforme ao Marco Decenal de Programas sobre Modalidades de Consumo e Producción sustentables, empezando polos países desenvolvidos
		8.5	De aquí a 2030, lograr o emprego pleno e produtivo e o traballo decente para todas as mulleres e os homes, incluídos os mozos e as persoas con discapacidade, así como a igualdade de remuneración por traballo de igual valor
		8.6	De aquí a 2020, reducir considerablemente a proporción de mozas que non están empregadas e non cursan estudos nin reciben capacitación
		8.7	Adoptar medidas inmediatas e eficaces para erradicar o traballo forzoso, poñer fin ás formas contemporáneas de escravitude e trátaa de persoas e asegurar a prohibición e eliminación das peores formas de traballo infantil, incluídos o recrutamento e a utilización de nenos soldados, e, de aquí a 2025, poñer fin ao traballo infantil en todas as súas formas
		8.8	Protexer os dereitos laborais e promover unha contorna de traballo seguro e sen riscos para todos os traballadores, incluídos os traballadores migrantes, en particular as mulleres migrantes e as persoas con empregos precarios
		8.8	Protexer os dereitos laborais e promover unha contorna de traballo seguro e sen riscos para todos os traballadores, incluídos os traballadores migrantes, en particular as mulleres migrantes e as persoas con empregos precarios
		8.9	De aquí a 2030, elaborar e poñer en práctica políticas encamiñadas a promover un turismo sustentable que cre postos de traballo e promova a cultura e os produtos locais
		8.10	Fortalecer a capacidade das institucións financeiras nacionais para fomentar e ampliar o acceso aos servizos bancarios, financeiros e de seguros para todos
		8.a	Aumentar o apoio á iniciativa de axuda para o comercio nos países en desenvolvemento, en particular os países menos adiantados, mesmo mediante o Marco Integrado Mellorado para a Asistencia Técnica aos Países Menos Adiantados en Materia de Comercio
8.b	De aquí a 2020, desenvolver e poñer en marcha unha estratexia mundial para o emprego dos mozos e aplicar o Pacto Mundial para o Emprego da Organización Internacional do Traballo		





9	ODS 9. Construír infraestruturas resilientes, promover a industrialización inclusiva e sustentable e fomentar a innovación	9.1	Desenvolver infraestruturas fiables, sustentables, resilientes e de calidade, incluídas infraestruturas rexionais e transfronteirizas, para apoiar o desenvolvemento económico e o benestar humano, facendo especial fincapé no acceso alcanzable e equitativo para todos
		9.2	Promover unha industrialización inclusiva e sustentable e, de aquí a 2030, aumentar significativamente a contribución da industria ao emprego e ao produto interno bruto, de acordo coas circunstancias nacionais, e duplicar esa contribución nos países menos adiantados
		9.3	Aumentar o acceso das pequenas industrias e outras empresas, particularmente nos países en desenvolvemento, aos servizos financeiros, incluídos créditos alcanzables, e a súa integración nas cadeas de valor e os mercados
		9.4	De aquí a 2030, modernizar a infraestrutura e reconverter as industrias para que sexan sustentables, utilizando os recursos con maior eficacia e promovendo a adopción de tecnoloxías e procesos industriais limpos e ambientalmente racionais, e logrando que todos os países tomen medidas de acordo coas súas capacidades respectivas
		9.5	Aumentar a investigación científica e mellorar a capacidade tecnolóxica dos sectores industriais de todos os países, en particular os países en desenvolvemento, entre outras cousas fomentando a innovación e aumentando considerablemente, de aquí a 2030, o número de persoas que traballan en investigación e desenvolvemento por millón de habitantes e os gastos dos sectores público e privado en investigación e desenvolvemento
		9.a	Facilitar o desenvolvemento de infraestruturas sustentables e resilientes nos países en desenvolvemento mediante un maior apoio financeiro, tecnolóxico e técnico aos países africanos, os países menos adiantados, os países en desenvolvemento sen litoral e os pequenos Estados insulares en desenvolvemento
		9.b	Apoiar o desenvolvemento de tecnoloxías, a investigación e a innovación nacionais nos países en desenvolvemento, incluso garantindo unha contorna normativa propicia á diversificación industrial e a adición de valor aos produtos básicos, entre outras cousas
		9.c	Aumentar significativamente o acceso á tecnoloxía da información e as comunicacións e esforzarse por proporcionar acceso universal e alcanzable a Internet nos países menos adiantados de aquí a 2020
10	ODS 10. Reducir a desigualdade nos países e entre eles	10.1	De aquí a 2030, lograr progresivamente e manter o crecemento dos ingresos do 40% máis pobre da poboación a unha taxa superior á media nacional
		10.2	De aquí a 2030, potenciar e promover a inclusión social, económica e política de todas as persoas, independentemente da súa idade, sexo, discapacidade, raza, etnia, orixe, relixión ou situación económica ou outra condición
		10.3	Garantir a igualdade de oportunidades e reducir a desigualdade de resultados, incluso eliminando as leis, políticas e prácticas discriminatorias e promovendo lexislacións, políticas e medidas adecuadas a ese respecto
		10.4	Adoptar políticas, especialmente fiscais, salariais e de protección social, e lograr progresivamente unha maior igualdade
		10.5	Mellorar a regulamentación e vixilancia das institucións e os mercados financeiros mundiais e fortalecer a aplicación deses regulamentos
		10.6	Asegurar unha maior representación e intervención dos países en desenvolvemento nas decisións adoptadas polas institucións económicas e financeiras internacionais para aumentar a eficacia, fiabilidade, rendición de contas e lexitimidade desas institucións
		10.7	Facilitar a migración e a mobilidade ordenadas, seguras, regulares e responsables das persoas, mesmo mediante a aplicación de políticas migratorias planificadas e ben xestionadas
		10.a	Aplicar o principio do trato especial e diferenciado para os países en desenvolvemento, en particular os países menos adiantados, de conformidade cos acordos da Organización Mundial do Comercio
		10.b	Fomentar a asistencia oficial para o desenvolvemento e as correntes financeiras, incluída o investimento estranxeiro directo, para os Estados con maiores necesidades, en particular os países menos adiantados, os países africanos, os pequenos Estados insulares en desenvolvemento e os países en desenvolvemento sen litoral, en consonancia cos seus plans e programas nacionais
		10.c	De aquí a 2030, reducir a menos do 3% os custos de transacción das remesas dos migrantes e eliminar os corredores de remesas cun custo superior ao 5%
11	ODS 11. Lograr que as cidades e os asentamentos humanos sexan inclusivos, seguros, resilientes e sustentables	11.1	De aquí a 2030, asegurar o acceso de todas as persoas a vivendas e servizos básicos adecuados, seguros e alcanzables e mellorar os barrios marxinais
		11.2	De aquí a 2030, proporcionar acceso a sistemas de transporte seguros, alcanzables, accesibles e sustentables para todos e mellorar a seguridade viaria, en particular mediante a ampliación do transporte público, prestando especial atención ás necesidades das persoas en situación de vulnerabilidade, as mulleres, os nenos, as persoas con discapacidade e as persoas de idade
		11.3	De aquí a 2030, aumentar a urbanización inclusiva e sustentable e a capacidade para a planificación e a xestión participativas, integradas e sustentables dos asentamentos humanos en todos os países
		11.4	Redobrar os esforzos para protexer e salvagardar o patrimonio cultural e natural do mundo
		11.5	De aquí a 2030, reducir significativamente o número de mortes causadas polos desastres, incluídos os relacionados coa auga, e de persoas afectadas por eles, e reducir considerablemente as perdas económicas directas provocadas polos desastres en comparación co produto interno bruto mundial, facendo especial fincapé na protección dos pobres e as persoas en situacións de vulnerabilidade
		11.6	De aquí a 2030, reducir o impacto ambiental negativo per cápita das cidades, incluso prestando especial atención á calidade do aire e a xestión dos refugallos municipais e doutro tipo
		11.7	De aquí a 2030, proporcionar acceso universal a zonas verdes e espazos públicos seguros, inclusivos e accesibles, en particular para as mulleres e os nenos, as persoas de idade e as persoas con discapacidade
		11.a	Apoiar os vínculos económicos, sociais e ambientais positivos entre as zonas urbanas, periurbanas e rurais fortalecendo a planificación do desenvolvemento nacional e rexional
		11.b	De aquí a 2020, aumentar considerablemente o número de cidades e asentamentos humanos que adoptan e implementan políticas e plans integrados para promover a inclusión, o uso eficiente dos recursos, a mitigación do cambio climático e a adaptación a el e a resiliencia ante os desastres, e desenvolver e poñer en práctica, en consonancia co Marco de Sendai para a Redución do Risco de Desastres 2015-2030, a xestión integral dos riscos de desastre a todos os niveis
		11.c	Proporcionar apoio aos países menos adiantados, mesmo mediante asistencia financeira e técnica, para que poidan construír edificios sustentables e resilientes utilizando materiais locais





12	ODS 12. Garantir modalidades de consumo e produción sustentables	12.1	Aplicar o Marco Decenal de Programas sobre Modalidades de Consumo e Producción sustentables, coa participación de todos os países e baixo o liderado dos países desenvolvidos, @teniendo en cuenta o grao de desenvolvemento e as capacidades dos países en desenvolvemento
		12.2	De aquí a 2030, lograr a xestión sustentable e o uso eficiente dos recursos naturais
		12.3	De aquí a 2030, reducir á metade o desperdicio de alimentos per cápita mundial na venda polo miúdo e a nivel dos consumidores e reducir as perdas de alimentos nas cadeas de produción e subministración, incluídas as perdas posteriores á colleita
		12.4	De aquí a 2020, lograr a xestión ecoloxicamente racional dos produtos químicos e de todos os refugallos ao longo do seu ciclo de vida, de conformidade cos marcos internacionais convidados, e reducir significativamente a súa liberación á atmosfera, a auga e o chan a fin de minimizar os seus efectos adversos na saúde humana e o medio ambiente
		12.5	De aquí a 2030, reducir considerablemente a xeración de refugallos mediante actividades de prevención, redución, reciclado e reutilización
		12.6	Alentar ás empresas, en especial as grandes empresas e as empresas transnacionais, a que adopten prácticas sustentables e incorporen información sobre a sustentabilidade no seu ciclo de presentación de informes
		12.7	Promover prácticas de adquisición pública que sexan sustentables, de conformidade coas políticas e prioridades nacionais
		12.8	De aquí a 2030, asegurar que as persoas de todo o mundo teñan a información e os coñecementos pertinentes para o desenvolvemento sustentable e os estilos de vida en harmonía coa natureza
		12.a	Axudar aos países en desenvolvemento a fortalecer a súa capacidade científica e tecnolóxica para avanzar cara a modalidades de consumo e produción máis sustentables
		12.b	Elaborar e aplicar instrumentos para viviar os efectos no desenvolvemento sustentable, a fin de lograr un turismo sustentable que cre postos de traballo e promova a cultura e os produtos locais
		12.c	Racionalizar os subsidios ineficientes aos combustibles fósiles que fomentan o consumo antieconómico eliminando as distorsións do mercado, de acordo coas circunstancias nacionais, mesmo mediante a reestruturación dos sistemas tributarios e a eliminación gradual dos subsidios prexudiciais, cando existan, para reflectir o seu impacto ambiental, tendo plenamente en conta as necesidades e condicións específicas dos países en desenvolvemento e minimizando os posibles efectos adversos no seu desenvolvemento, de maneira que se protexa aos pobres e ás comunidades afectadas
13	ODS 13. Adoptar medidas urxentes para combater o cambio climático e os seus efectos	13.1	Fortalecer a resiliencia e a capacidade de adaptación aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais en todos os países
		13.2	Incorporar medidas relativas ao cambio climático nas políticas, estratexias e plans nacionais
		13.3	Mellorar a educación, a sensibilización e a capacidade humana e institucional respecto da mitigación do cambio climático, a adaptación a el, a redución dos seus efectos e a alerta temperá
		13.a	Cumprir o compromiso dos países desenvolvidos que son partes na Convención Marco das Nacións Unidas sobre o Cambio Climático de lograr para o ano 2020 o obxectivo de mobilizar conxuntamente 100.000 millóns de dólares anuais procedentes de todas as fontes a fin de atender as necesidades dos países en desenvolvemento respecto da adopción de medidas concretas de mitigación e a transparencia da súa aplicación, e poñer en pleno funcionamento o Fondo Verde para o Clima capitalizándoo canto antes
		13.b	Promover mecanismos para aumentar a capacidade para a planificación e xestión eficaces en relación co cambio climático nos países menos adelantados e os pequenos Estados insulares en desenvolvemento, facendo particular fincapé nas mulleres, os mozos e as comunidades locais e marxinaidas
14	ODS 14. Conservar e utilizar sustentablemente os océanos, os mares e os recursos mariños para o desenvolvemento sustentable	14.1	De aquí a 2025, previr e reducir significativamente a contaminación mariña de todo tipo, en particular a producida por actividades realizadas en terra, incluídos os detritos mariños e a polución por nutrientes
		14.2	De aquí a 2020, xestionar e protexer sustentablemente os ecosistemas mariños e costeiros para evitar efectos adversos importantes, incluso fortalecendo o seu resiliencia, e adoptar medidas para restauralos a fin de restablecer a saúde e a produtividade dos océanos
		14.3	Minimizar e abordar os efectos da acidificación dos océanos, mesmo mediante unha maior cooperación científica a todos os niveis
		14.4	De aquí a 2020, regulamentar eficazmente a explotación pesqueira e poñer fin á pesca excesiva, a pesca ilegal, non declarada e non regulamentada e as prácticas pesqueiras destrutivas, e aplicar plans de xestión con fundamento científico a fin de restablecer as poboacións de peixes no prazo máis breve posible, polo menos alcanzando niveis que poidan producir o máximo rendemento sustentable de acordo coas súas características biolóxicas
		14.5	De aquí a 2020, conservar polo menos o 10% das zonas costeiras e mariñas, de conformidade coas leis nacionais e o dereito internacional e sobre a base da mellor información científica dispoñible
		14.6	De aquí a 2020, prohibir certas formas de subvencións á pesca que contribúen á sobrecapacidade e a pesca excesiva, eliminar as subvencións que contribúen á pesca ilegal, non declarada e non regulamentada e absterse de introducir novas subvencións desa índole, recoñecendo que a negociación sobre as subvencións á pesca no marco da Organización Mundial do Comercio debe incluír un trato especial e diferenciado, apropiado e efectivo para os países en desenvolvemento e os países menos adelantados
		14.7	De aquí a 2030, aumentar os beneficios económicos que os pequenos Estados insulares en desenvolvemento e os países menos adelantados obteñen do uso sustentable dos recursos mariños, en particular mediante a xestión sustentable da pesca, a acuicultura e o turismo
		14.a	Aumentar os coñecementos científicos, desenvolver a capacidade de investigación e transferir tecnoloxía mariña, tendo en conta os Criterios e Directrices para a Transferencia de Tecnoloxía Mariña da Comisión Oceanográfica Intergubernamental, a fin de mellorar a saúde dos océanos e potenciar a contribución da biodiversidade mariña ao desenvolvemento dos países en desenvolvemento, en particular os pequenos Estados insulares en desenvolvemento e os países menos adelantados
		14.b	Facilitar o acceso dos pescadores artesanais aos recursos mariños e os mercados
14.c	Mellorar a conservación e o uso sustentable dos océanos e os seus recursos aplicando o dereito internacional reflectido na Convención das Nacións Unidas sobre o Dereito do Mar, que constitúe o marco xurídico para a conservación e a utilización sustentable dos océanos e os seus recursos, como se lembra no parágrafo 158 do documento "O futuro que queremos"		





15	ODS 15. Protexer, restablecer e promover o uso sustentable dos ecosistemas terrestres, xestionar sustentablemente os bosques, loitar contra a desertificación, deter e investir a degradación das terras e deter a perda de biodiversidade	15.1	De aquí a 2020, asegurar a conservación, o restablecemento e o uso sustentable dos ecosistemas terrestres e os ecosistemas interiores de auga doce e os seus servizos, en particular os bosques, os humidais, as montañas e as zonas áridas, en consonancia coas obrigacións contraídas en virtude de acordos internacionais
		15.2	De aquí a 2020, promover a posta en práctica da xestión sustentable de todos os tipos de bosques, deter a deforestación, recuperar os bosques degradados e aumentar considerablemente a forestación e a reforestación a nivel mundial
		15.3	De aquí a 2030, loitar contra a desertificación, rehabilitar as terras e os chans degradados, incluídas as terras afectadas pola desertificación, a seca e as inundacións, e procurar lograr un mundo con efecto neutro na degradación das terras
		15.4	De aquí a 2030, asegurar a conservación dos ecosistemas montañosos, incluída a súa diversidade biolóxica, a fin de mellorar a súa capacidade de proporcionar beneficios esenciais para o desenvolvemento sustentable
		15.5	Adoptar medidas urxentes e significativas para reducir a degradación dos hábitats naturais, deter a perda de biodiversidade e, de aquí a 2020, protexer as especies ameazadas e evitar a súa extinción
		15.6	Promover a participación xusta e equitativa nos beneficios derivados da utilización dos recursos xenéticos e promover o acceso adecuado a eses recursos, segundo o convido internacionalmente
		15.7	Adoptar medidas urxentes para poñer fin á caza furtiva e o tráfico de especies protexidas de flora e fauna e abordar tanto a demanda como a oferta de produtos ilegais de flora e fauna silvestres
		15.8	De aquí a 2020, adoptar medidas para previr a introdución de especies exóticas invasoras e reducir significativamente os seus efectos nos ecosistemas terrestres e acuáticos e controlar ou erradicar as especies prioritarias
		15.9	De aquí a 2020, integrar os valores dos ecosistemas e a biodiversidade na planificación, os procesos de desenvolvemento, as estratexias de redución da pobreza e a contabilidade nacionais e locais
		15.a	Mobilizar e aumentar significativamente os recursos financeiros procedentes de todas as fontes para conservar e utilizar de forma sustentable a biodiversidade e os ecosistemas
		15.b	Mobilizar recursos considerables de todas as fontes e a todos os niveis para financiar a xestión forestal sustentable e proporcionar incentivos adecuados aos países en desenvolvemento para que promovan dita xestión, en particular con miras á conservación e a reforestación
		15.c	Aumentar o apoio mundial á loita contra a caza furtiva e o tráfico de especies protexidas, incluso aumentando a capacidade das comunidades locais para perseguir oportunidades de subsistencia sustentables
16	ODS 16. Promover sociedades pacíficas e inclusivas para o desenvolvemento sustentable, facilitar o acceso á xustiza para todos e construír a todos os niveis institucións eficaces e inclusivas que rendan contas	16.1	Reducir significativamente todas as formas de violencia e as correspondentes taxas de mortalidade en todo o mundo
		16.2	Poñer fin aos malos tratos, a explotación, trátaa e todas as formas de violencia e tortura contra os nenos
		16.3	Promover o estado de dereito nos planos nacional e internacional e garantir a igualdade de acceso á xustiza para todos
		16.3	Promover o estado de dereito nos planos nacional e internacional e garantir a igualdade de acceso á xustiza para todos
		16.4	De aquí a 2030, reducir significativamente as correntes financeiras e de armas ilícitas, fortalecer a recuperación e devolución dos activos roubados e loitar contra todas as formas de delincuencia organizada
		16.5	Reducir considerablemente a corrupción e o suborno en todas as súas formas
		16.6	Crear a todos os nivelelos institucións eficaces e transparentes que rendan contas
		16.7	Garantir a adopción en todos os niveis de decisións inclusivas, participativas e representativas que respondan as necesidades
		16.8	Ampliar e fortalecer a participación dos países en desenvolvemento nas institucións de gobernanza mundial
		16.9	De aquí a 2030, proporcionar acceso a unha identidade xurídica para todos, en particular mediante o rexistro de nacementos
		16.10	Garantir o acceso público á información e protexer as liberdades fundamentais, de conformidade coas leis nacionais e os acordos internacionais
		16.a	Fortalecer as institucións nacionais pertinentes, mesmo mediante a cooperación internacional, para crear a todos os niveis, particularmente nos países en desenvolvemento, a capacidade de previr a violencia e combater o terrorismo e a delincuencia
16.b	Promover e aplicar leis e políticas non discriminatorias en favor do desenvolvemento sustentable		





17	ODS 17. Fortalecer os medios de implementación e revitalizar a Alianza Mundial para o Desenvolvemento Sustentable	17.1	Fortalecer a mobilización de recursos internos, mesmo mediante a prestación de apoio internacional aos países en desenvolvemento, co fin de mellorar a capacidade nacional para recadar ingresos fiscais e doutra índole
		17.2	Velar por que os países desenvolvidos cumpran plenamente os seus compromisos en relación coa asistencia oficial para o desenvolvemento, incluído o compromiso de numerosos países desenvolvidos de alcanzar o obxectivo de destinar o 0,7% do ingreso nacional bruto á asistencia oficial para o desenvolvemento dos países en desenvolvemento e entre o 0,15% e o 0,20% do ingreso nacional bruto á asistencia oficial para o desenvolvemento dos países menos adiantados; aléntase aos provedores de asistencia oficial para o desenvolvemento a que consideren a posibilidade de fixar unha meta para destinar polo menos o 0,20% do ingreso nacional bruto á asistencia oficial para o desenvolvemento dos países menos adiantados
		17.3	Mobilizar recursos financeiros adicionais de múltiples fontes para os países en desenvolvemento
		17.4	Axudar aos países en desenvolvemento a lograr a sustentabilidade da débeda a longo prazo con políticas coordinadas orientadas a fomentar o financiamento, o alivio e a reestruturación da débeda, segundo proceda, e facer fronte á débeda externa dos países pobres moi endebedados a fin de reducir o endebedamento excesivo
		17.5	Adoptar e aplicar sistemas de promoción dos investimentos en favor dos países menos adiantados
		17.6	Mellorar a cooperación rexional e internacional Norte-Sur, Sur-Sur e triangular en materia de ciencia, tecnoloxía e innovación e o acceso a estas, e aumentar o intercambio de coñecementos en condicións mutuamente convidas, incluso mellorando a coordinación entre os mecanismos existentes, en particular a nivel das Nacións Unidas, e mediante un mecanismo mundial de facilitación da tecnoloxía
		17.6	Mellorar a cooperación rexional e internacional Norte-Sur, Sur-Sur e triangular en materia de ciencia, tecnoloxía e innovación e o acceso a estas, e aumentar o intercambio de coñecementos en condicións mutuamente convidas, incluso mellorando a coordinación entre os mecanismos existentes, en particular a nivel das Nacións Unidas, e mediante un mecanismo mundial de facilitación da tecnoloxía
		17.7	Promover o desenvolvemento de tecnoloxías ecoloxicamente racionais e a súa transferencia, divulgación e difusión aos países en desenvolvemento en condicións favorables, mesmo en condicións concesionarias e preferentes, segundo o convido de mutuo acordo
		17.8	Poñer en pleno funcionamento, como moi tarde en 2017, o banco de tecnoloxía e o mecanismo de apoio á creación de capacidade en materia de ciencia, tecnoloxía e innovación para os países menos adiantados e aumentar a utilización de tecnoloxías instrumentais, en particular a tecnoloxía da información e as comunicacións
		17.9	Aumentar o apoio internacional para realizar actividades de creación de capacidade eficaces e específicas nos países en desenvolvemento a fin de apoiar os plans nacionais de implementación de todos os Obxectivos de Desenvolvemento sustentable, mesmo mediante a cooperación Norte-Sur, Sur-Sur e triangular
		17.10	Promover un sistema de comercio multilateral universal, baseado en normas, aberto, non discriminatorio e equitativo no marco da Organización Mundial do Comercio, mesmo mediante a conclusión das negociacións no marco do Programa de Doha para o Desenvolvemento
		17.11	Aumentar significativamente as exportacións dos países en desenvolvemento, en particular con miras a duplicar a participación dos países menos adiantados nas exportacións mundiais de aquí a 2020
		17.12	Lograr a consecución oportuna do acceso aos mercados libre de dereitos e continxentes de maneira duradeira para todos os países menos adiantados, conforme ás decisións da Organización Mundial do Comercio, incluso velando por que as normas de orixe preferentes aplicables ás importacións dos países menos adiantados sexan transparentes e sinxelas e contribúan a facilitar o acceso aos mercados
		17.13	Aumentar a estabilidade macroeconómica mundial, mesmo mediante a coordinación e coherencia das políticas
		17.14	Mellorar a coherencia das políticas para o desenvolvemento sustentable
		17.15	Respectar a marxe normativa e o liderado de cada país para establecer e aplicar políticas de erradicación da pobreza e desenvolvemento sustentable
		17.16	Mellorar a Alianza Mundial para o Desenvolvemento sustentable, complementada por alianzas entre múltiples interesados que mobilicen e intercambien coñecementos, especialización, tecnoloxía e recursos financeiros, a fin de apoiar o logro dos Obxectivos de Desenvolvemento sustentable en todos os países, particularmente os países en desenvolvemento
		17.17	Fomentar e promover a constitución de alianzas eficaces nas esferas pública, público-privada e da sociedade civil, aproveitando a experiencia e as estratexias de obtención de recursos das alianzas
		17.18	De aquí a 2020, mellorar o apoio á creación de capacidade prestado aos países en desenvolvemento, incluídos os países menos adiantados e os pequenos Estados insulares en desenvolvemento, para aumentar significativamente a dispoñibilidade de datos oportunos, fiables e de gran calidade desagregados por ingresos, sexo, idade, raza, orixe étnica, status migratorio, discapacidade, localización xeográfica e outras características pertinentes nos contextos nacionais
17.18	De aquí a 2020, mellorar o apoio á creación de capacidade prestado aos países en desenvolvemento, incluídos os países menos adiantados e os pequenos Estados insulares en desenvolvemento, para aumentar significativamente a dispoñibilidade de datos oportunos, fiables e de gran calidade desagregados por ingresos, sexo, idade, raza, orixe étnica, status migratorio, discapacidade, localización xeográfica e outras características pertinentes nos contextos nacionais		
17.18	De aquí a 2020, mellorar o apoio á creación de capacidade prestado aos países en desenvolvemento, incluídos os países menos adiantados e os pequenos Estados insulares en desenvolvemento, para aumentar significativamente a dispoñibilidade de datos oportunos, fiables e de gran calidade desagregados por ingresos, sexo, idade, raza, orixe étnica, status migratorio, discapacidade, localización xeográfica e outras características pertinentes nos contextos nacionais		
17.19	De aquí a 2030, aproveitar as iniciativas existentes para elaborar indicadores que permitan medir os progresos en materia de desenvolvemento sustentable e complementen o produto interno bruto, e apoiar a creación de capacidade estatística nos países en desenvolvemento		





ANEXO III

PROGRAMAS DE GASTO PARA 2024

Sen prexuízo do establecido na disposición derradeira segunda da Orde do 17 de xullo de 2024, pola que se ditan instrucións para a elaboración dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para 2025, que autoriza á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos para desenvolver as normas relativas á normalización e contido dos programas de gasto, creando ou substituíndo os que se consideren precisos, en función das necesidades resultantes do proceso de elaboración, se ditan as seguintes normas:

NORMAS QUE AFECTAN A TODAS AS SECCIÓN DO ORZAMENTO

PROGRAMAS DE DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS

Estes programas teñen dúas finalidades fundamentais:

- a) Recoller os gastos de escasa importancia que non teñen encaixe en ningún dos programas que xestiona a consellería
- b) Recoller os gastos de natureza indivisible, de carácter transversal ou que, por razóns de economía e eficacia aconsellan unha xestión unitaria e centralizada

Respecto do primeiro apartado, dado que a casuística é moi variada, as secretarías xerais técnicas darán solución puntual aos casos que se presenten.

Respecto do segundo dos apartados, imputaráselle a estes programas os seguintes tipos de gasto:

- a) Os relativos a pequeno material de oficina.
- b) Os dos inmobles que alberguen varios servizos con actividades aplicadas a distintos programas (auga, electricidade, pólizas de seguro, limpeza, conservación e reparación limpeza, etc...)
- c) Os gastos de telefonía nas condicións do apartado anterior.
- d) Calquera outro de natureza análoga aos anteriores que non podan ser imputados a un programa concreto.





Estes programas de apoio, para que cumpran eficazmente coa súa finalidade, necesitan a concorrencia dun servizo orgánico, xeralmente as secretarías xerais técnicas, como órganos xestores.

Os gastos de persoal deberán orzamentarse como parte integrante dos programas nos que prestan os seus servizos e encadrado dentro da unidade orgánica a que está adscrito, no debendo incluírse, por conseguinte nos programas comentados, agás cando se trate de persoal de apoio das distintas actividades da Consellería que non poda imputarse directamente a un programa concreto.

PROGRAMA 111A.- PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

O obxectivo deste programa é a asistencia política e técnica ao presidente da Xunta de Galicia, en colaboración directa coas distintas consellerías, a fin de facilitar a dirección e coordinación da acción do goberno.

PROGRAMA 111B.- ACTIVIDADE LEGISLATIVA

A este programa adscribíense os gastos correspondentes ao Parlamento de Galicia e ao Valedor do Pobo.

PROGRAMA 111C.- CONTROL EXTERNO DO SECTOR PÚBLICO

A este programa impútanse os gastos correspondentes ás actividades desenvolvidas polo Consello de Contas, máximo órgano de fiscalización das contas y da xestión económico-financeira e contable, exercerá a súa función en relación con los programas de ingresos e gastos do sector público da Comunidade Autónoma.

PROGRAMA 111D.- ALTO ASESORAMENTO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

A este programa se adscriben os gastos derivados da actividade desenvolvida polo Consello de Cultura Galega e o Consello Consultivo de Galicia.

PROGRAMA 111E.- RELACIÓNS EXTERIORES

O obxecto deste programa é dar soporte económico da Xunta de Galicia no exterior.

A misión do programa é a consecución do maior grado de presenza e representación da Xunta de Galicia no exterior, defender os intereses da Comunidade Autónoma e atender á colectividade galega no exterior cos mesmos dereitos e garantías que si estivesen en territorio Galego.



A este programa adscribiranse os medios persoais e materias correspondentes ao desenvolvemento das actividades indicadas.

PROGRAMA 121A.- DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE ADMINISTRACIÓN XERAL

As características deste programa está determinada pola actividade desenvolvida pola unidade orgánica á que se adscribe, coa finalidade de prestar e ofrecer aqueles servizos necesarios pola xeneralidade da Comunidade Autónoma, transcendendo do ámbito meramente orgánico ao que se adscribe.

Impútanse a este programa os gastos correspondentes entre outros aos servizos de limpeza, mantemento e seguridade dos edificios administrativos, os gastos correspondentes a edición e distribución do DOG, os investimentos correspondentes aos edificios administrativos, así como os derivados do funcionamento das delegacións territoriais da Xunta de Galicia.

PROGRAMA 121B.- ASESORAMENTO E DEFENSA DOS INTERESES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

Ao igual que o programa anterior, este programa ofrece aqueles servizos necesarios pola xeneralidade da Comunidade Autónoma, transcendendo do ámbito meramente orgánico ao que se adscribe.

A este programa impútanse os gastos derivados da asistencia xurídica á administración da Comunidade Autónoma e da súa administracións institucional, tendente a protexer o principio de legalidade nas súa actuación, así como do asesoramento aos diversos órganos sobre o dereito aplicable ás situacións que se produzan.

PROGRAMA 121C.- RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

Este programa recolle os gastos en que incorre a unidade orgánica á que, de acordo cos decretos de estrutura orgánica da Xunta de Galicia, lle corresponden ás seguintes funcións:

- Informar e asistir ao goberno galego nas súas relacións co Parlamento de Galicia.
- Coordinar e organizar os procesos electorais competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Realizar o seguimento das disposicións normativas procedentes do Estado e doutras comunidades autónomas.
- Xestionar o rexistro dos convenios da Xunta de Galicia.





- Legalizar as sinaturas de documentos da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia que vaian a producir efectos no estranxeiro.

PROGRAMA 122A.- AVALIACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA.

Impútanselle a este programa as actividades tendentes á:

- Avaliación das unidades administrativas da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades do sector público autonómico.
- Impulso da mellora da calidade na prestación dos servizos.
- Racionalización dos trámites administrativos, avaliando o seu custo co obxecto de mellorar a relación da administración coa cidadanía.

PROGRAMA 122B.- FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

Neste programa refléxanse os programas elaborados pola EGAP, relativos aos aspectos formativos do persoal, calquera que sexa a súa función, o corpo ao que pertencen e a consellería a que estean adscritos.

Inclúense pois os medios financeiros precisos para a realización dos cursos de formación organizados pola EGAP.

PROGRAMA 123A.- ACCIÓN SOCIAL EN FAVOR DO PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN

Impútanse a este programa as medidas de carácter social que a favor da administración se determinen en cada momento coas características que definan o seu alcance, dentro das dispoñibilidades que a estes efectos se destinen en cada orzamento.

Deben imputarse a este programa os gastos correspondentes a transporte de persoal, vales de comedor e anticipos ao persoal funcionario.

Os gastos de acción social a favor do persoal laboral, en aplicación dos artigos 34 e 35 do convenio único de persoal laboral, impútanse ao concepto 162.04 do programa con cargo ao que se abonen as restantes retribucións do persoal que os devengue.

PROGRAMA 124A.- DIRECCIÓN, MODERNIZACIÓN E XESTIÓN DA FUNCIÓN PÚBLICA

Impútanse a este programa, os gastos de persoal e funcionamento correspondentes ao desenvolvemento das funcións encomendadas polos decretos de estrutura á Dirección Xeral da Función Pública.





PROGRAMA 131A.- ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

A este programa impútanse os gastos destinados a garantir o exercicio das competencias da Administración da Comunidade Autónoma en materia de provisión dos medios materiais e persoais para o funcionamento da administración de xustiza.

Impútanse, así mesmo, os gastos correspondentes ás nóminas do persoal funcionario ao servizo da Administración de Xustiza (corpos de médicos, forenses, de xestores procesuais e administrativos, tramitadores procesuais e administrativos, e o corpo de auxilio xudicial), así como os custos da formación e das axudas por acción social deste persoal transferido á Comunidade Autónoma.

PROGRAMA 141A.- ADMINISTRACIÓN LOCAL

Inclúense neste programa os medios persoais e materiais necesarios para o desenvolvemento das competencias que asume a Comunidade Autónoma en materia de Administración Local, tales como:

- Xestión do Fondo de Compensación Ambiental como ferramenta de reequilibrio territorial.
- Fomento do asociacionismo municipal.
- Mellora na prestación dos servizos públicos municipais.

PROGRAMA 151A.- FOMENTO DA LINGUA GALEGA

Impútanse a este programa os medios persoais e materiais relativo ao obxectivo xeral da Política Lingüística, consistente en potenciar a utilización efectiva e mais a presenza da lingua galega en todos os ámbitos e sectores que conforman a sociedade galega actual, como nos contextos e lugares fóra de Galicia nos que se considera preciso contribuír ao seu coñecemento, estudo e difusión.

PROGRAMA 161A.- ELECCIÓNS E PARTIDOS POLÍTICOS

Impútanse a este programa os gastos derivados da celebración das eleccións ao Parlamento de Galicia, de acordo co establecido na Constitución Española e o Estatuto de Autonomía de Galicia, e demais normativa autonómica.

Comprende gastos tales como:

- Dotación de elementos materiais



- Transporte institucional
- Retribucións aos X.E.G e X.E.P
- Gastos relativos aos anticipos e liquidación das subvencións ás formacións políticas de conformidade co preceptuado na Lei 8/1985, que establece a concesión dun anticipo a conta do 30% das contías percibidas nas últimas eleccións ao Parlamento de Galicia, aos partidos, coalicións, federacións e agrupacións que obtiveran representación en ela, e con posterioridade á celebración do proceso electoral (nos cen días posteriores) a liquidación correspondente.

PROGRAMA 212A- PROTECCIÓN CIVIL E SEGURIDADE DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

Impútanse a este programa os gastos persoais e materiais relativos á xestión dos servizos de protección civil e emerxencias que se prestan en todo o territorio da Comunidade Autónoma galega, subvencións aos parques de bombeiros, a través dos consorcios provinciais e comarcais, e ás agrupacións de voluntarios de protección civil.

Impútanse, así mesmo, os gastos relativos ao funcionamento da seguridade pública galega, formación do persoal do sistema integrado de protección civil, emerxencias e seguridade pública.

PROGRAMA 311A.- DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE PROMOCIÓN SOCIAL

Trátase dun programa de apoio, ao funcionamento dos servizos na área de promoción social, impútanse a el os gastos de persoal e materias relativos ao funcionamento operativo da área de benestar, da consellería competente nesa materia.

Comprende gastos como :

- Os relativos a pequeno material de oficina.
- Os dos inmobles, que alberguen varios servizos con actividades aplicadas a distintos programas (auga, electricidade, pólizas de seguro, limpeza, conservación e reparación limpeza, etc...)
- Os gastos de telefonía nas condicións do apartado anterior.
- Calquera outro de natureza análoga aos anteriores que non poidan ser imputados a un programa concreto.





Tal como xa quedou dito en apartados anteriores, os gastos de persoal que se imputen a este programa deben ser os de apoio das distintas unidades da área de benestar, que non poidan ser imputadas a un programa concreto.

PROGRAMA 312A.- PROTECCIÓN E INSERCIÓN SOCIAL

Impútanse a este programa os gastos que teñen por obxecto cubrir as necesidades básicas das persoas carentes de recursos económicos en risco de exclusión social e colectivos con especiais dificultades.

PROGRAMA 312B.- PROGRAMA DE PRESTACIÓNS ÁS FAMILIAS E A INFANCIA

A finalidade deste programa é atender ás necesidades das familias, nas súas distintas modalidades, así como aos seus membros, especialmente nenos e nenas e adolescentes en situación de desprotección e/ou penalmente responsables.

Con cargo a este programa fináncianse os gastos de persoal, mantemento, construción e equipamento das garderías infantís, centros de menores, gastos derivados dos concertos subscritos con institucións que prestan iguais servizos á colectividade, subvencións ás familias.

PROGRAMA 312C.- SERVIZOS SOCIAIS RELATIVOS ÁS MIGRACIÓNS

Inclúense neste programa os créditos destinados a financiar as actuacións encamiñadas á promoción socio-cultural das persoas emigrantes galegas, así como o conxunto de actuacións desenvolvidas en centros da Comunidade Autónoma, e os demais que se establezan en cumprimento da Lei 4/1983, do 15 de xuño, de recoñecemento da galegitude.

Así mesmo, a través deste programa, desenvólvense as actuacións dirixidas á integración social e inserción laboral do colectivo de emigrantes e retornados na nosa comunidade.

PROGRAMA 312D.- PROGRAMA DE ATENCIÓN Á DEPENDENCIA.

Neste programa inclúense os créditos destinados a financiar as actuacións relativas á atención das persoas en situación de dependencia que, por razóns derivadas da idade, enfermidade ou discapacidade e vinculadas a falta de ou á perda de autonomía física, mental, intelectual ou sensorial, requiren de atención doutra persoa ou precisan axudas importantes para realizar as actividades básicas diarias, de acordo co establecido na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, e coa Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.





Comprende entre outros os gastos de funcionamento dos centros públicos de atención as persoas maiores e/ou dependentes, o servizo de axuda no fogar ás persoas dependentes e libranzas vinculadas e coidados no entorno.

PROGRAMA 312E.- PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E PREVENCIÓN DA DEPENDENCIA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE E AS PERSOAS MAIORES

Neste programa inclúense os créditos destinados á atención social e o benestar das persoas con discapacidade e as persoas maiores, mediante o desenvolvemento de actuacións orientadas a favorecer a súa autonomía persoal, e a súa integración socio-familiar e laboral, a permanencia da persoa no seu contorno e o seu benestar físico e psíquico, tanto por medios propios como en colaboración con entidades que prestan atención a eses colectivos.

Comprende gastos de persoal e de funcionamento dos centros de servizos sociais de atención ás persoas maiores e con discapacidade, gastos de subvencións en materia de servizos sociais e de acollemento familiar, entre outros.

PROGRAMA 312F.- PROGRAMAS DE SOLIDARIEDADE

Este programa engloba as actuacións encamiñadas a garantir a inclusión social e os dereitos básicos das persoas mais desfavorecidas e fomentar a participación da cidadanía en xeral, establecendo programas orientados a colectivos específicos, perseguindo o fortalecemento e posta en valor da acción voluntaria.

Inclúe as actuacións dirixidas á formación do voluntariado e axudas aos concellos e institucións sen fin de lucro para o plan do voluntariado.

PROGRAMA 312G.- APOIO Á CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E PERSOAL E OUTROS SERVIZOS DE PROTECCIÓN SOCIAL.

Este programa pretende impulsar a conciliación da vida familiar e laboral, fomentando a harmonización das responsabilidades familiares e laborais entre homes e mulleres, o acceso aos servizos de coidado e atención de menores e persoas dependentes, contribuíndo a facilitar o acceso das mulleres ao mercado laboral.

A través deste programa fináncianse as subvencións en materia de conciliación da vida persoal e laboral.





PROGRAMA 313A.- SERVIZOS Á XUVENTUDE

Este programa pretende levar a cabo un conxunto de actuacións dirixidas a atender as necesidades e intereses dos mozos e mozas galegos, propiciando a participación da xuventude na vida cultural, económica, social e política, creando as condicións para que a xuventude desenvolva as súas capacidades, aproveite o seu potencial, traballe e participe activamente na sociedade en condicións de igualdade desde a perspectiva de xénero, trata de garantir a igualdade de oportunidades da xuventude con independencia da súa situación económica, social e laboral.

Neste programa inclúense accións e medidas dirixidas á poboación xuvenil da Comunidade Autónoma, entendendo como tal a poboación con idades comprendidas entre os 14 e os 30 anos.

PROGRAMA 313B. -ACCIÓNS PARA A IGUALDADE, PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA MULLER

O obxectivo deste programa é a incorporación da perspectiva de xénero nas actuacións da administración autónoma e a promoción da igualdade en todos os ámbitos e as medidas que axuden a combater a discriminación por razón de sexo.

Realízanse actividades de promoción da igualdade e de fomento da conciliación da vida persoal, familiar e laboral entre homes e mulleres e fomento da corresponsabilidade, en colaboración coas diferentes administracións públicas e das asociacións, así como cos concellos en materias con incidencia sobre o colectivo feminino.

Actuacións a favor das mulleres en situación de especial vulnerabilidade.

PROGRAMA 313C.- SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS

Este programa ten por obxecto o desenvolvemento dun conxunto de actuacións deseñadas para manter un sistema público de servizos sociais de atención primaria que dea cobertura ás necesidades básicas que poidan presentarse no ámbito persoal, familiar e laboral.

A través deste programa preténdese a integración social daquelas persoas que se atopan en risco de exclusión social, a través dos concellos, servizos sociais comunitarios, a través de subvencións a institucións sen ánimo de lucro ou directamente pola propia administración.

Inclúe, así mesmo, o plan concertado de servizos sociais comunitarios, a través de convenios coas corporacións locais





PROGRAMA 313D.- PROTECCIÓN E APOIO DAS MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO

O que se pretende a través deste programa é a prevención, detención e erradicación da violencia de xénero, dende as súas diferentes causas, tipoloxías, manifestacións e consecuencias, así como garantir a asistencia e protección das vítimas con actuacións de carácter integral, desenvolvendo a Lei 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Este programa diríxese a todas as mulleres que viven, residen ou traballan en Galicia e que se atopen nunha situación de violencia de xénero, así como aos seus fillos e fillas e outras persoas dependentes delas, vítimas directas e indirectas.

Diríxese, así mesmo, o programa á atención a vítimas de trata de seres humanos, fundamentalmente de explotación sexual.

PROGRAMA 321A.- DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE EMPREGO

A función deste programa ao igual que os de todos os correspondentes á "dirección e servizos xerais", é dar cobertura aos gastos de funcionamento das unidades administrativas vinculadas á área correspondente, neste caso á área de traballo da consellería.

Inclúense neste programa os gastos de persoal e de funcionamento de carácter xeral, necesarios para o funcionamento da área de traballo e/ou que non teñan encaixe concreto en ningún dos restantes programas encadrados na función 32 "Emprego".

PROGRAMA 322A- MELLORA E FOMENTO DA EMPREGABILIDADE

A través deste programa trátase de reducir a taxa de desempregados na Comunidade Autónoma e mellorar a empregabilidade, é dicir, encádranse neste programa todas aquelas medidas activas de emprego que teñen por obxecto mellorar a posibilidade de acceso ao emprego das persoas desempregadas no mercado de traballo, por conta propia ou allea, e a adaptación da formación e recualificación para o emprego dos traballadores e traballadoras.

A través deste programa execútanse as actuacións de políticas activas de emprego, dirixidas a facilitar a información, orientación laboral e busca de emprego, formación e recualificación para o emprego de traballadores e traballadoras mediante a adquisición de experiencia profesional mediante a práctica en empresas, contempla, así mesmo, este programa as accións e medidas destinadas a fomentar o espírito empresarial e a economía social.





Tamén contempla os mecanismos e ferramentas de asesoramento e acompañamento ás iniciativas emprendedoras nos seus primeiros pasos.

A través deste programa execútanse as actuacións correspondentes a:

- Programas de formación a través da colaboración con corporacións locais.
- Programas de formación en alternancia: escolas obradoiro, obradoiros de emprego e casas de oficios.
- Programas de colaboración con órganos da Administración Xeral do Estado e institucións sen ánimo de lucro.

PROGRAMA 322C.- PROMOCIÓN DO EMPREGO, DO EMPREGO AUTÓNOMO E DO MERCADO DE TRABALLO INCLUSIVO

Este programa ten por obxecto intervir na creación de emprego a través, fundamentalmente, de incentivos as persoas empresarias e ás persoas emprendedoras.

Os colectivos beneficiarios deste programa son as empresas, as persoas emprendedoras que creen o seu propio posto de traballo, as pequenas iniciativas empresariais xeradoras de emprego e os centros especiais de emprego e as empresas de inserción laboral, fundamentalmente de persoas con especiais dificultades, persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social.

A través deste programa concédense axudas específicas ás mulleres, de xeito que contribúan no obxectivo da igualdade de oportunidades

PROGRAMA 323A.- FORMACIÓN PROFESIONAL DESEMPREGADOS

Este programa ten por obxecto a xestión da formación profesional das persoas desempregadas, pola execución do plan de modernización do servizo público de emprego, así como por aquelas outras accións innovadoras e complementarias que se programen no marco das políticas activas de emprego, para mellorar a empregabilidade e a inserción laboral de mozos, mulleres e outros colectivos.

O colectivo ao que se dirixe o programa é o das persoas traballadoras desempregadas.

PROGRAMA 323B.- FORMACIÓN PROFESIONAL DOS/AS OCUPADOS/AS

As actuacións ás que se dirixe o programa son a mellora das competencias e a cualificación, así como a actualización e especialización profesional das persoas traballadoras empregadas.





Trátase da formación e aprendizaxe permanente das persoas traballadoras empregadas, a fin de mellorar a súa adaptabilidade ao mercado laboral.

En consecuencia, o colectivo ao que se dirixe o programa é o das persoas traballadoras ocupadas.

PROGRAMA 324A.- MELLORA DA ORGANIZACIÓN E ADMINISTRACIÓN DAS RELACIÓNS LABORAIS E DA PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

Inclúense neste programa as actuacións tendentes ao desenvolvemento normativo e a garantía do seu cumprimento en materia laboral e de emprego e da mediación e conciliación dos conflitos colectivos.

A través deste programa lévanse a cabo actuacións como:

- Medidas de apoio ás relacións laborais.
- Apoio ás empresas e persoas traballadoras que atravesan unha situación de crise e se atopan en proceso de reestruturación.
- Apoio ás organizacións sindicais e empresariais.
- Impulso da execución do Plan de loita contra o emprego non declarado, co obxectivo de controlar toda manifestación de economía irregular.
- Desenvolvemento de actuacións de mediación nos conflitos colectivos.

PROGRAMA 324B.- MELLORA DOS SISTEMAS DE SAÚDE E SEGURIDADE NO TRABALLO

Inclúense neste programa os medios materiais e persoais necesarios para o desenvolvemento dos servizos que ten encomendada a Comunidade Autónoma en materia de seguridade e hixiene no traballo, a fin de mellorar as condicións nas que se desenvolve.

Trátase fundamentalmente de potenciar un sistema preventivo centrado na incentivación e o máximo incremento dos recursos con que conta a empresa, e complementariamente do perfeccionamento dos recursos preventivos alleos.

PROGRAMA 324C.- PROMOCIÓN DA ECONOMÍA SOCIAL

Mediante este programa trátase de xerar emprego e autoemprego colectivo, en especial entre a xuventude, promovendo iniciativas baseadas nas persoas e na cooperación e aproveitando para iso as vantaxes da economía social.





Este programa recolle os créditos para o fomento do emprego autónomo, do cooperativismo e da economía social.

A través deste programa lévanse a cabo actuacións como:

- Creación de emprego a través de autoemprego cooperativo e apoio ao emprendemento, a través da economía social.
- Fomento e desenvolvemento de accións de formación, difusión e fomento do traballo autónomo, da economía social, da cultura emprendedora e da responsabilidade social das empresas.
- Fomento do emprego xuvenil no ámbito do traballo autónomo e da economía social.
- Mellora da competitividade das cooperativas e sociedades laborais, apoiando a I+D+i, así como a utilización das tecnoloxías da información e das comunicacións.

PROGRAMA 331A.- COOPERACIÓN EXTERIOR E AO DESENVOLVEMENTO

O programa ten como obxectivo o financiamento de actuacións tendentes a cooperar con outros países para propiciar o seu desenvolvemento coa finalidade última de promoción do desenvolvemento e a erradicación da pobreza.

Os beneficiarios fundamentais das actuacións que se desenvolven neste programa son as ONGD e os restantes axentes de cooperación recoñecidos na Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento, sendo os beneficiarios últimos das intervencións para o desenvolvemento os países do sur, nos que os axentes de cooperación executan os seus proxectos.

PRORAMA 411A.- DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE SANIDADE

Inclúe este programa os medios materiais e persoais necesarios para o desenvolvemento das actividades de dirección e coordinación que se desenvolven en materia de sanidade.

PRORAMA 412A.- ATENCIÓN ESPECIALIZADA

A atención especializada inclúe as actividades asistenciais, diagnósticas, terapéuticas e de rehabilitación e coidados, así como aquelas de prevención cuxa natureza fai necesaria a intervención de médicos especialistas.

Os recursos asignados a este programa financian a atención especializada, que é aquela á que se accede basicamente por referencia da atención primaria para continuar a atención e





resolver e/ou orientar os casos que requiren un abordaxe de unha especialidade determinada (traumatoloxía, oftalmoloxía etc.) ou ben un dispositivo específico (hospital, cento de saúde mental, centro de rehabilitación etc...).

A atención préstase a través dos recursos internos, centros concertados, consultas ambulatorias especializadas, hospitais de día, urxencias, hospitalización a domicilio.

Unha parte moi importante do programa destínase a financiar os recursos humanos que prestan servizos nos centros de atención especializada.

PROGRAMA 412B.- ATENCIÓN PRIMARIA

A atención primaria é o nivel básico e inicial de atención sanitaria e préstase polo persoal médico especialista en medicina familiar e comunitaria ou médicos de familia, especialistas en pediatría e profesionais da enfermería.

A este programa se lle asignan os recursos destinados a garantir a atención sanitaria á poboación mediante os servizos asistenciais de atención primaria de saúde, como un primeiro contacto no sistema de saúde, que inclúe a atención preventiva, curativa e de rehabilitación, nas súas distintas modalidades (atención ordinaria ou urxente no centro ou no domicilio) tamén se inclúen os recursos destinados a financiar a prestación farmacéutica prescrita por receita médica, así como outras prestacións complementarias. Unha parte moi importante do programa destínase a financiar os recursos humanos que prestan servizos nos centros de atención primaria.

PROGRAMA 413A.- PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA SAÚDE PÚBLICA

Este programa ten como obxectivo fundamental mellorar a saúde da poboación diminuindo a incidencia e a carga das enfermidades a través da identificación dos factores protectores e de risco e incidindo sobre os axentes sociais para que actúen no sentido de favorecer ou diminuír estes factores.

Comprende actuacións tales como: campañas sanitarias, accións de vixilancia epidemiolóxica, programas de loita contra as drogodependencias.

PROGRAMA 414A.- FORMACIÓN DE GRADUADOS E POSTGRADUADOS

Este programa comprende o conxunto de actividades dirixidas a actualizar os coñecementos dos profesionais sanitarios, así como desenvolver un plan de formación de futuros especialistas.





PROGRAMA 421A.- DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE EDUCACIÓN

Este programa está destinado á dirección, coordinación e apoio ás actividades dos outros programas incluídos na función 42 "educación", ten un carácter instrumental para a realización dos obxectivos da política educativa, comprende apoios aos medios precisos para a prestación dos servizos de carácter horizontal e os de apoio técnico imprescindibles para o funcionamento das distintas unidades da consellería competente na área de educación.

PROGRAMA 422A.- EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E ESO

Inclúe este programa os medios financeiros, tanto persoais como materiais, precisos para satisfacer as demandas sociais de atención educativa dos nenos e nenas comprendidos nos tramos de idade de 3 a 6 anos (educación infantil) e de 6 a 12 anos (educación primaria). Inclúe ademais as subvencións aos centros privados concertados nos tramos de educación sinalados e a construción, mellora e equipamento dos centros docentes.

PROGRAMA 422C.- ENSINANZAS UNIVERSITARIAS

A este programa asígnanselle os recursos que teñen por obxectivo ordenar, planificar e garantir o correcto funcionamento do Sistema Universitario de Galicia, nas súas diversas facetas de funcionamento, infraestruturas, ordenación territorial etc...

Este programa está dirixido ao colectivo universitario: alumnos, persoal docente e persoal investigador do Sistema Universitario de Galicia.

Inclúense as actuacións derivadas do cumprimento do plan de financiamento do Sistema Universitario de Galicia, vixente en cada momento, así como aquelas outras actuacións que fora del se financien pola consellería competente en materia de educación, nas áreas correspondentes ao ensino universitario.

PROGRAMA 422D.- EDUCACIÓN ESPECIAL

Este programa inclúe os medios persoais e materiais necesarios para que todo o alumnado acade o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, nese marco debe asegurar a prestación das seguintes atencións:

- Integración de alumnos diminuídos ou inadaptados en centros ordinarios do sistema escolar.
- Atención educativa temperá anterior á idade escolar.



- Subvencións aos centros privados de educación especial.

A poboación á que se dirixe é a comprendida entre os 3 e 21 anos que precisa unha atención especial, neste marco inclúense os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades de aprendizaxe ou por altas capacidades.

PROGRAMA 422E.- ENSINANZAS ARTÍSTICAS

Este programa ten por obxecto a atención a este tipo de ensinanzas integradas por:

- Ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño
- Estudos superiores de deseño
- Estudos superiores de conservación e restauración de bens culturais
- Ensinanzas de arte dramática
- Ensinanzas de música
- Ensinanzas de danza

PROGRAMA 422G.- ENSINANZAS ESPECIAIS

Inclúense neste programa os medios persoais e materiais necesarios para a impartición das ensinanzas de idiomas a través das escolas oficiais de idiomas.

Inclúese, así mesmo, a dotación dos auxiliares de conversación nos centros educativos competencia da Comunidade Autónoma e nas escolas oficiais de idiomas.

PROGRAMA 422I.- FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO PROFESORADO

O programa recolle os gastos de formación permanente do profesorado, co fin de actualizar a súa cualificación profesional, melloralas prácticas educativas e a xestión dos centros.

Este programa está dirixido ao profesorado que imparte ensinanzas en centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma e ten por obxecto a súa formación permanente, inclúe ademais a formación específica sobre a utilización das tecnoloxías da información e comunicación no ensino, a formación en linguas estranxeiras, con independencia da súa especialidade.



Imputaranse a este programa os medios persoais e materiais destinados ás finalidades indicadas.

PROGRAMA 422K.- ENSINANZAS PESQUEIRAS

Este programa ten por obxecto garantir o funcionamento básico e a continuidade da oferta pública de calidade da ensinanza náutico marítimo–pesqueiras nas súas distintas modalidades de formación profesional marítimo-pesqueira e dos ciclos formativos de formación profesional específica de navegación e pesca, maquinas navais, cultivos mariños e mergullo profesional.

Imputaranse polo tanto ao devandito programa os medios persoais e materiais destinados ás finalidades descritas.

PROGRAMA 422L.- CAPACITACIÓN E EXTENSIÓN AGROFORESTAL

Este programa ten por obxecto garantir a formación profesional regrada, a iniciativa profesional, a formación ocupacional e a formación continua dos profesionais do sector agroforestal, e desenvólvese a través dos centros de formación e experimentación agroforestal dependentes da Comunidade Autónoma.

Impútanse a el os medios materias e persoais destinados ao cumprimento dos obxectivos indicados.

PROGRAMA 422M.- ENSINO SECUNDARIO, FORMACIÓN PROFESIONAL E OUTRAS ENSINANZAS

Inclúe este programa os medios financeiros, tanto persoais como materiais, precisos para satisfacer as demandas sociais de atención educativa correspondentes aos dous ciclos de ESO, Bacharelato, Formación Profesional e Programas de Cualificación Profesional Inicial, inclúe ademais as subvencións aos centros privados concertados, nos tramos de educación sinalados e a construción mellora e equipamento dos centros docentes.

PROGRAMA 423A.- SERVIZOS E AXUDAS COMPLEMENTARIAS DAS ENSINANZAS

A este programa asígnanse os recursos que teñen por obxectivo permitir que todo o alumnado da comunidade autónoma e, en especial, os que se atopan en situación de dificultade ou desvantaxe sigan escolarizados en igualdade de condicións.

Inclúense neste programa os medios persoais e materiais de carácter complementario do ensino, comprende actividades e accións tales como:





- Servizo de comedor escolar incluído o cofinanciamento dos xestionados polos concellos e as ANPAS
- Transporte escolar e acompañante do transporte escolar
- Axudas as adquisicións de libros de texto e material escolar
- Axudas para as melloras das bibliotecas escolares.
- En xeral, todas aquelas actuacións de carácter complementario do ensino que non teñen encaixe directo en ningún dos outros programas da función 42.

PROGRAMA 423B.- PREVENCIÓN DO ABANDONO ESCOLAR

Este programa ten por obxecto o desenvolvemento das medidas tendentes a previr e reducir o abandono escolar temperá.

Imputaranse a este programa os medios persoais e materias destinados á finalidade citada.

PROGRAMA 431A.- DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE CULTURA

Con cargo a este programa xestiónanse os servizos xerais e de carácter horizontal da área de cultura da consellería competente nesa materia.

PROGRAMA 432A.- BIBLIOTECAS, ARQUIVOS, MUSEOS E EQUIPAMENTOS CULTURAI

Este programa ten como obxectivo contribuír á mellora das bibliotecas, dos arquivos e dos museos de Galicia, non só como depósito cultural senón como infraestruturas e servizos básicos para asegurar o dereito constitucional de acceso á cultura e ás responsabilidades atribuídas polo Estatuto de Autonomía de Galicia á Xunta de Galicia en relación ca protección e acrecentamento do patrimonio documental.

A través deste programa fináncianse as actuacións dirixidas á consolidación ampliación e mellora dos servizos existentes en materia de bibliotecas, arquivos, museos e equipamentos culturais así como a súa ampliación, a realización de actividades que dean a coñecer o patrimonio cultural que albergan estes centros.

PROGRAMA 432B.- FOMENTO DAS ACTIVIDADES CULTURAI

Os obxectivos deste programa consisten en establecer as grandes liñas de actuación para o desenvolvemento da cultura galega, de xeito que se propicie un compromiso da sociedade galega e das institucións para facer da cultura, un dos elementos centrais da vida da nosa sociedade e da súa imaxe no mundo.





Con este programa preténdese a promoción e a difusión cultural, ben directamente, ben concedendo axudas, mediante a posta en marcha de programas conxuntos con corporacións locais, fundacións, asociacións e entidades do sector privado, imputaráselle, polo tanto, os medios persoais e materiais que a Administración destine ás finalidades citadas.

PROGRAMA 433A.- PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO, ARTÍSTICO E CULTURAL

A finalidade deste programa é a protección, conservación, investigación, acrecentamento e difusión do patrimonio artístico, arquitectónico, arqueolóxico e etnográfico de interese de Galicia.

Incluirá pois, os medios financeiros que nos orzamentos da Comunidade Autónoma se destinen ás finalidades citadas.

PROGRAMA 441A.- PROMOCIÓN DA ACTIVIDADE DEPORTIVA

A este programa destínanse os recursos e actividades orientadas a promocionar e fomentar o deporte.

As actividades que desenvolve este programa lévanse a cabo mediante programas específicos dirixidos ao deporte cidadán, deporte escolar, deporte federado de base e de alto rendemento.

Unha parte importante dos recursos deste programa destínanse a financiar o funcionamento da educación superior no ámbito do deporte.

PROGRAMA 451A.- FOMENTO DA REHABILITACIÓN E DA CALIDADE DA VIVENDA

As necesidades que trata de atender este programa consisten fundamentalmente en mellorar as condicións da habitabilidade e calidade das vivendas, incluíndo a reparación das vivendas propias do parque de vivendas de promoción pública e o apoio e fomento da rehabilitación a través da declaración de áreas de rehabilitación integral

Imputaranse a este programa os recursos persoais e materias que nos orzamentos da Comunidade Autónoma se destinen ás necesidades citadas.

PROGRAMA 451B.- ACCESO Á VIVENDA

A través deste programa preténdese, basicamente, facilitar o acceso á vivenda, tanto en propiedade, como en réxime de aluguer, a aqueles sectores da sociedade que se atopen en condicións mais desfavorecidas ou de especial vulnerabilidade.





Os recursos do programa destínanse a impulsar as promocións de vivendas de promoción oficial, cooperar con promotores privados para incrementar o parque de vivenda protexida.

Inclúense neste programa as liñas de axuda destinadas á promoción da vivenda (tanto compra como aluguer).

Imputaranse a este programa os recursos persoais e materias que nos orzamentos da Comunidade Autónoma se destinen ás necesidades citadas.

PROGRAMA 461A.- COBERTURA INFORMATIVA E APOIO Á COMUNICACIÓN SOCIAL

A través deste programa preténdese apoiar aos medios de comunicación, a través de proxectos que estimulen o uso da lingua galega nos medios de comunicación, a promoción dos valores e a imaxe de Galicia e a divulgación das accións institucional da Xunta de Galicia. Está dirixido fundamentalmente o programa ás empresas xornalísticas e de radiodifusión, así como ás universidades galegas.

PROGRAMA 461B.- RADIODIFUSIÓN E TVG

A través deste programa preténdese continuar a mellorar as infraestruturas, sistemas e equipos de telecomunicación para a radiodifusión e a televisión e outros servizos de comunicación oficiais, así como os servizos técnicos para o correcto funcionamento dos equipos en que se integran estas infraestruturas de telecomunicación.

Así mesmo, a través deste programa, realizaranse as transferencias de capital e as achegas patrimoniais á CRTVG.

PROGRAMA 511A.- DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

A este programa impútanse os medios persoais e materiais necesarios para o funcionamento dos servizos de carácter xeral de ordenación do territorio e infraestruturas,

PROGRAMA 512A.- ORDENACIÓN E INSPECCIÓN DO TRANSPORTE

O obxecto deste programa é facilitar a mobilidade das persoas e as mercadorías para que Galicia sexa máis accesible, aberta e integrada nos fluxos comerciais e económicos globais.

O colectivo ao que se dirixe o programa é tanto a cidadanía como o tecido produtivo de Galicia en xeral, demandantes dos servizos que presta o sector do transporte, como en particular as empresas e as persoas traballadoras que desenvolven estes servizos.





Impútanse pois a este programa os gastos derivados do exercicio das competencias en materia de ordenación, coordinación e inspección do transporte terrestre, e os medios financeiros precisos para a realización das obras de infraestrutura básica do transporte.

PROGRAMA 512B.- CONSTRUCCIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN DE ESTRADAS

A través deste programa realizaranse as actuacións destinadas á creación e conservación das infraestruturas viarias:

- 1.- Vías de altas prestacións
- 2.- Vías estruturantes e complementarias (novos eixes e variantes, adecuación de travesías e acondicionamento e mellora da rede de estradas convencionais)
- 3.- Actuacións en medios urbanos
- 4.- Aparcadoiros disuasorios
- 5.- Mantemento e conservación da rede de estradas galegas
- 6.- Seguridade viaria

PROGRAMA 513A.- CONSTRUCCIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN PORTUARIA

Este programa ten por obxecto a construción e mellora das infraestruturas portuarias e a realización de actividades e prestación de servizos ás persoas usuarias.

PROGRAMA 514A.- INFRAESTRUTURAS PESQUEIRAS

A través deste programa aténdense os equipamentos pesqueiros nos portos, coa finalidade de modernizar e desenvolver os portos e fondeadoiros de pesca a fin de mellorar os servizos ofrecidos e convertelos nunha vantaxe competitiva.

Está dirixido ao sector pesqueiro galego fundamentalmente pescadores/as e mariscadores/as.

PROGRAMA 521A.- URBANISMO

Este programa centra a súa atención tanto en racionalizar a problemática urbanística en xeral, como en tratar de resolver as necesidades e desequilibrios xurdidos no devir do patrimonio urbano. Neste programa orzamentaranse os medios financeiros destinados ao cumprimento dos obxectivos que ao respecto se determinen, fundamentalmente os que fomenten un adecuado planeamento urbanístico.





PROGRAMA 531A.- PROMOCIÓN DO SOLO PARA ACTIVIDADES ECONÓMICAS

A través deste programa trátase de completar un mapa do solo industrial de Galicia con criterios de equilibrio territorial, accesibilidade e suficiencia de capacidade e equipamentos. Comprende as seguintes competencias:

- Programación das necesidades de solo industrial no territorio da Comunidade Autónoma
- Xestionar a adquisición de solo industrial
- Propor a contratación e supervisar os plans e proxectos técnicos precisos para a promoción de solo, así como a xestión das obras de urbanización
- Xestionar o alleamento de solo empresarial

Imputaranse a este programa os medios financeiros destinados ao cumprimento das competencias indicadas.

PROGRAMA 541A.- DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE MEDIO AMBIENTE

Este programa da soporte ás actuacións de carácter horizontal da consellería competente en materia de medio ambiente.

Imputaranse a el os gastos de persoal e de funcionamento, de carácter horizontal, xestionados pola consellería competente en materia de medio ambiente, que non poden adscribirse directamente a ningún dos outros programas encadrados na función 54.

PROGRAMA 541B.- CONSERVACIÓN DA BIODIVERSIDADE E POSTA EN VALOR DO MEDIO NATURAL

Imputaranse a este programa os medios persoais e materiais para levar a cabo as distintas medidas de protección ambiental que se programen, entre outras:

- A Rede de Espazos Naturais Protexidos, a Rede Natura 2000 e a súa xestión e conservación
- A conservación da vida silvestre como expresión da preservación dos elementos da biodiversidade
- A protección dos animais domésticos e silvestres en cautividade
- A divulgación, información, educación e sensibilización ambiental
- As políticas preventivas, vixilancia , control e prevención de impactos no medio natural





- O ordenado aproveitamento das especies da fauna cinexética e da piscícola nas augas continentais

PROGRAMA 541C.- PROTECCIÓN, CONTROL TÉCNICO-SANITARIO DOS PRODUTOS DO MAR, MELLORA DO MEDIO NATURAL MARIÑO E SALVAMENTO MARÍTIMO

O obxecto deste programa é a protección e seguridade das persoas e dos recursos do medio natural marítimo, como espazo no que se desenvolve a actividade pesqueira, marisqueira e acuícola.

Comprende actuacións relativas a:

- Control da calidade do medio mariño
- Loita contra a contaminación mariña accidental
- Control e vixilancia das zonas protexidas
- Inspección pesqueira e salvamento marítimo
- Control da actividade pesqueira
- Participación nas tarefas de rescate e salvamento

PROGRAMA 541D.- CONTROL AMBIENTAL E XESTIÓN DE RESIDUOS

A este programa asígnanselle os recursos destinados a conseguir unha adecuada protección do medio ambiente, priorizando as actuacións de revisión e planificación da xestión dos residuos da Comunidade Autónoma.

Os obxectivos nos que se centra o programa son, por unha parte, a xestión dos residuos, a prevención e o fomento da súa reutilización, a reciclaxe e a súa recuperación para previr o impacto ambiental e, por outra, trátase de previr, reducir e controlar calquera tipo de contaminación, mellorando a avaliación ambiental e apoiando ás empresas na toma de decisións en relación coa minimización dos seus impactos.

PROGRAMA 541E.- COÑECEMENTO DO MEDIO AMBIENTE E FOMENTO DA SUSTENTABILIDADE

A este programa asígnanselle os recursos destinados a impulsar políticas ambientais en materia de cambio climático, de planificación do entorno natural, información e educación ambiental así como a aplicación da divulgación da avaliación ambiental para promocionar o desenvolvemento sostible.





Os obxectivos do programa consisten en :

- Promover a cultura da sostibilidade a través, entre outros, de programas de educación para a sostibilidade en centros educativos e programas vinculados á ordenación do territorio no ámbito da sostibilidade.
- O coñecemento do medio, cuns niveis óptimos de investigación, observación e información ambiental, a través de accións para a observación e a predición ambiental, atendendo especialmente aos sistemas ecolóxicos galegos.

PROGRAMA 542A.- PLANIFICACIÓN E XESTIÓN HIDROLÓXICA

A través deste programa desenvólvense as actuacións relativas á mellora das infraestruturas hidrolóxicas, a xestión e uso racional da auga e a protección e conservación do medio hidrolóxico e a mellora do recurso hídrico.

Neste programa inclúense, ademais, o desenvolvemento dos traballos medioambientais a que obriga a Directiva 2000/60/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro, relativa á calidade da auga e a planificación hidrolóxica en Galicia-Costa.

PROGRAMA 542B.- INFRAESTRUTURAS E XESTIÓN DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO

A este programa impútanse as actuacións relativas á construción e explotación das infraestruturas dos servizos públicos de subministro de auga potable e de recollida das augas residuais, impútanse ademais as obras hidráulicas que teñan como obxecto a mellora das marxes dos ríos.

PROGRAMA 551A.- INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS NO MEDIO RURAL

Este programa está encamiñado á conseguir a mellora da calidade de vida no medio rural, a través da mellora dos servizos públicos e a mellora das estruturas das explotacións agrarias.

Asígnanse a este programa os recursos para a realización de obras destinadas a paliar o déficit de estruturas rurais e conseguir un mellor desenvolvemento dos núcleos rurais.

PROGRAMA 551B.- ACCIÓNS PREVENTIVAS E INFRAESTRUTURA FORESTAL

A través deste programa lévanse a cabo todas as actuacións encamiñadas á protección e defensa dos montes contra os incendios forestais.

PROGRAMA 561A.- PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TÉCNOLÓXICA



Este programa ten por finalidade desenvolver as actividades de I+D+i nos sectores que competen aos órganos xestores respectivos.

PROGRAMA 561B.- INVESTIGACIÓN UNIVERSITARIA

Impútanse a este programa as actuacións relativas á I+D+i do Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento (I2C) que se desenvolve no ámbito universitario.

PROGRAMA 561C.- INVESTIGACIÓN SANITARIA

A este programa impútanse as actuacións relativas a investigación e a innovación no ámbito sanitario.

PROGRAMA 571A.- FOMENTO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E DO COÑECEMENTO

A este programa asígnanselle os recursos para contribuír a consolidar a sociedade da información como factor clave para mellorar a competitividade e a internacionalización das empresas. En concreto, os recursos destínanse a estender e facilitar o acceso das redes de telecomunicación ao conxunto do tecido residencial, empresarial e público, e a impulsar o despregamento das infraestruturas de telecomunicación.

Impútanse a este programa as actuacións relativas a:

- Mellora e ampliación da rede de infraestruturas de radiodifusión e telecentros
- Fomento das TIC e e-Administración
- Implantación das redes de banda longa e infraestruturas de servizos básicos de telecomunicación

PROGRAMA 581A.- ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTADÍSTICA

Impútanse a este programa as actividades a realizar polo Instituto Galego de Estatística e as distintas consellerías e organismos relativas ao desenvolvemento do Plan estatístico.

A este programa asígnanselle os recursos para programar, producir, xestionar e difundir a información estatística de base, transversal e estratéxica (detallados no plan estatístico anual) para promover a máxima accesibilidade aos datos estatísticos e para dar soporte á toma de decisións dos axentes económicos e sociais e impulsar a utilización da estatística oficial de Galicia na avaliación das políticas públicas.





PROGRAMA 611A.- DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE FACENDA

Impútanse a este programa os medios persoais e materiais necesarios para o desenvolvemento das actividades de carácter horizontal que desenvolve a consellería competente en materia de Facenda.

PROGRAMA 612A.- PLANIFICACIÓN, ELABORACIÓN DE ORZAMENTOS E COORDINACIÓN ECONÓMICA

O programa ten como finalidade a planificación, programación e orzamentación do sector público e dos seus custos de persoal e o deseño, planificación, xestión e seguimento dos fondos comunitarios.

Inclúense neste programa os medios financeiros, persoais e materiais, precisos para:

- O desenvolvemento dos plans económicos a medio e longo prazo
- A elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, o seguimento da súa execución, incluídos os obxectivos estratéxicos e operativos, e a xestión das modificacións orzamentarias precisas para garantir os obxectivos establecidos no Plan estratéxico e nas normas de estabilidade orzamentaria, tanto dende o lado do gasto como do ingreso
- Programación e control da xestión dos fondos europeos

PROGRAMA 613A.- ORDENACIÓN, INFORMACIÓN E DEFENSA DO CONSUMIDOR E DA COMPETENCIA

Impútanse a este programa os medios persoais e materiais destinados a promover e melloralas defensa da competencia efectiva en todos os mercados de bens e servizos, e a defensa dos intereses das persoas consumidoras e usuarias da Comunidade Autónoma, en toda a súa amplitude.

PROGRAMA 621A.- ADMINISTRACIÓN FINANCEIRA, TRIBUTARIA, PATRIMONIAL E DE CONTROL

Impútanse a este programa os gastos destinados a administrar, xestionar e melloralos recursos financeiros da Comunidade Autónoma, coa máxima eficacia e eficiencia, a fin de contribuír a garantir o desenvolvemento social e económico da comunidade autónoma, neste sentido, o programa inclúe os gastos destinados a:

- Xestión financeira: planificación, control e xestión do programa de endebedamento da Comunidade Autónoma e da súa tesourería





- Xestión tributaria: xestión dos tributos propios e cedidos, cos que obter os ingresos necesarios, desenvolvemento dunha política fiscal adecuada, adaptada á conxuntura económica do momento, que responda aos principios de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira
- Xestión patrimonial: ten por misión a realización das actividades derivadas da xestión eficiente do patrimonio inmobiliario e dos gastos de aluguer
- Control: control interno e de contabilidade, tanto no aspecto da intervención e as súas distintas modalidades, como da contabilidade encamiñada ao rexistro de todos os actos administrativos de contido económico e patrimonial.

PROGRAMA 621B.- IMPREVISTOS E FUNCIÓNS NON CLASIFICADAS

Impútanselle a este programa os importes que se determinen, en función dos recursos dispoñibles e da normativa aplicable, para atender as distintas necesidades materiais que poidan xurdir no exercicio corrente e que sexan inaprazables, de carácter non discrecional e que non tivesen en todo ou en parte axeitada dotación orzamentaria.

Comprende fundamentalmente o fondo de continxencia.

PROGRAMA 711A.- DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DO MEDIO RURAL

Impútanselle a este programa os medios persoais e materiais necesarios para o desenvolvemento das actuacións de carácter horizontal dos servizos centrais e periféricos da consellería competente en materia do Medio Rural.

PROGRAMA 712A.- FIXACIÓN DE POBOACIÓN NO MEDIO RURAL

Impútanselle a este programa os medios materiais e persoais, que nos orzamentos da Comunidade Autónoma se destinen ao desenvolvemento do territorio rural galego para mellorar as condicións de vida e evitar o despoboamento dese territorio.

PROGRAMA 712B.- MODERNIZACIÓN E DIVERSIFICACIÓN DO TECIDO PRODUTIVO RURAL

A través deste programa fináncianse os investimentos nas explotacións agrícolas destinados a mellorar a súa eficacia produtiva, as indemnizacións aos agricultores que residen en zonas onde a actividade agraria presenta especiais dificultades, o apoio aos sistemas produtivos respectuosos co medio ambiente e medidas que favorezan o relevo xeracional.





PROGRAMA 712C.- FOMENTO DO ASOCIACIONISMO AGRARIO E DIVULGACIÓN DA TECNOLOXÍA AGRARIA

Impútanse a este programa as actuacións que teñen por obxecto o fomento das asociacións agrarias de calquera tipo: cooperativas agrarias, cooperativas de explotacións comunitarias de terras e SAT, que acrediten ser titulares de explotacións agrarias.

Recolle tamén este programa as actuacións dirixidas á formación do colectivo que lles permita acceder e explotar adecuadamente as tecnoloxías precisas para unha mellor explotación, xestión e comercialización dos recursos agrarios.

PROGRAMA 713B.- ORDENACIÓN DAS PRODUCCIÓNS FORESTAIS

Este programa ten por obxecto a mellora da estrutura forestal de Galicia, a través:

- Da valorización, creación e diversificación das masas forestais
- Do fomento dos investimentos en materia de restauración forestal e silvicultura
- Do fortalecemento das liñas encamiñadas a manter a saúde e vitalidade dos ecosistemas forestais
- Do apoio á creación e mellora de empresas de conservación e transformación de produtos forestais

PROGRAMA 713C.- IMPLANTACIÓN DE SISTEMAS PRODUTIVOS AGRARIOS SUSTENTABLES

O obxectivo deste programa é o fomento de sistemas agrícolas sustentables, compatibles co entorno e produtores de alimentos sans e de calidade, o apoio ás agrupacións de agricultura ecolóxica e fomento da produción integrada.

Impútanselle as seguintes accións:

- Recuperación, conservación e fomento de recursos zoxenéticos autóctonos e a súa valorización nas producións ecolóxicas e de calidade e no aproveitamento de superficies infrautilizadas
- Aseguramento da calidade e a rastrexabilidade da produción leiteira
- Mellora xenética das razas de vacún autóctonas
- Implantación das TIC nas explotacións agrarias



- Axudas ao sector do lúpulo
- Renovación do parque de maquinaria agrícola
- Renovación e reconversión do viñado
- Programa de seguros agrarios

PROGRAMA 713D.- MELLORA DA CALIDADE NA PRODUCCIÓN AGOALIMENTARIA

O obxectivo deste programa é o desenvolvemento de actuacións de ordenación das producións, apoio a comercialización e promoción dos produtos agrarios e agroalimentarios galegos e a mellora das industrias e mercados agrarios.

Os colectivos aos que se dirixen as actuacións do programa son o sector produtivo, industrias e entidades asociativas e colectivas do sector agrario, gandeiro, alimentario e forestal.

PROGRAMA 713E.- BENESTAR ANIMAL E SANIDADE VEXETAL

Inclúe este programa as accións sanitarias de prevención e loita contra as enfermidades infecciosas e parasitarias do gando e dos vexetais, así como o control da calidade dos produtos farmacolóxicos, biolóxicos, desinfectantes en defensa sanitaria dos animais e as súas producións.

PROGRAMA 713F.- REGULACIÓN DAS PRODUCCIÓNS AGRARIAS E APOIO Á RENDA DOS AGRICULTORES

A este programa asígnanselle os recursos destinados a apoiar ao sector agrario co obxectivo de ordenar e racionalizar as producións agrícolas e gandeiras e garantir unha produción responsable.

Este programa ten por obxecto a realización das accións previstas nos diversos réximes de apoio á renda establecidos na Política Agraria Común (PAC)

O organismo encargado da xestión deste programa é o Fondo Galego de Garantía Agraria.

PROGRAMA 721A.- DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE POLÍTICAS PESQUEIRAS

Impútanse a este programa os medios persoais e materiais necesarios para o desenvolvemento das actuacións de carácter horizontal dos servizos centrais e periféricos da consellería competente en materia de política pesqueira.





PROGRAMA 722A.– PROMOCIÓN SOCIAL E DIVULGACIÓN DA TECNOLOXÍA PESQUEIRA

O obxectivo deste programa é fomentar a diversificación de actividades do sector pesqueiro mediante a posta en marcha de programas de formación, de actuacións de demostración e de apoio ás iniciativas de novas actuacións.

Inclúense tamén neste programa as actuacións de asesoramento e asistencia técnica ás confrarías de pescadores en materia económica e contable así como a colaboración coas federacións de confrarías.

Recolle tamén este programa as actuacións dirixidas á formación do colectivo que lles permita acceder e explotar adecuadamente as tecnoloxías precisas para unha mellor explotación, xestión e comercialización dos recursos mariños.

PROGRAMA 723A.– COMPETITIVIDADE E MELLORA DA CALIDADE DA PRODUCCIÓN PESQUEIRA E DA ACUICULTURA

Neste programa encádranse as actuacións destinadas á adaptación da flota pesqueira galega á dispoñibilidade dos recursos, coa finalidade de evitar a sobreexplotación e acadar un desenvolvemento sostible do mar.

Inclúe, así mesmo, o programa as actuacións destinadas á recuperación da capacidade produtiva das zonas con potencialidade marisqueira, que por diversas causas ven minorada a súa produción.

Inclúe igualmente o programa os créditos destinados a actuacións relacionadas coa pesca costeira artesanal.

PROGRAMA 723B.– REGULACIÓN DAS PRODUCCIÓNS E DOS MERCADOS DA PESCA

Este programa comprende as actuacións destinadas á busca de novos mercados que permitan gañar cotas de comercialización de empresas, mellorar a imaxe dos produtos da pesca e da acuicultura e aplicar unha política de calidade e valorización, así como a certificación da calidade mediante a creación dunha marca referente aos produtos da pesca artesanal e do marisqueo para garantir uns estándares de calidade.

Neste programa inclúense, así mesmo, as accións destinadas a fomentar a cultura de consumo dos produtos da pesca.





PROGRAMA 723C.- DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE DE ZONAS DE PESCA

Neste programa inclúense as actuacións destinadas á mellora da competitividade de pequenas e medianas empresas do sector da pesca e da acuicultura, promoción da inclusión social e redución da pobreza, mellora da educación, desenvolvemento de capacidades e aprendizaxe permanente e consolidación e creación de emprego.

PROGRAMA 731A.- DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE INDUSTRIA

Este programa ten como obxectivo fundamental atender os gastos de funcionamento dos servizos de carácter horizontal da consellería competente en materia de industria.

PROGRAMA 732A.- REGULACIÓN E SOPORTE DA ACTIVIDADE INDUSTRIAL

O obxectivo deste programa é planificar, coordinar, xestionar e realizar actuacións técnicas e administrativas en materia de seguridade, administración industrial e metroloxía, mellorar os sistemas de inspección e control e de competitividade das empresas situadas en parques empresariais.

PROGRAMA 733A.- EFICACIA ENERXÉTICA E ENERXÍAS RENOVABLES

A este programa asígnanselle os recursos para velar pola mellora da calidade e a garantía da subministración eléctrica ás empresas e familias da Comunidade Autónoma de Galicia, concienciar á cidadanía da importancia dun consumo responsable da enerxía, e conseguir a máxima implantación das enerxías renovables, apostando pola eficacia e a eficiencia enerxética.

Este programa realiza actuacións tanto no ámbito das enerxías renovables como no aforro e eficiencia enerxética:

- Actuacións no ámbito das enerxías renovables e no fomento do aforro e a eficiencia enerxética
- Mellora das infraestruturas de gas e electricidade na Comunidade Autónoma

PROGRAMA 734A.- FOMENTO DA MINARIA

Este programa ten por obxecto desenvolver e optimizar o cumprimento e a explotación dos recursos naturais existentes no noso subsolo, así como acadar un abastecemento nas mellores condicións posibles do sector industrial.





PROGRAMA 741A.- APOIO Á MODERNIZACIÓN, INTERNACIONALIZACIÓN E MELLORA DA COMPETITIVIDADE, INNOVACIÓN E PRODUTIVIDADE EMPRESARIAL

A este programa asígnanselle os recursos destinados a impulsar a actividade económica e a afrontar os retos estratéxicos da comunidade dende unha perspectiva social económica. Para este fin, os recursos asignados ao programa destínanse a fomentar o espírito emprendedor e o traballo autónomo e a poñer a disposición das pemes e das persoas traballadoras autónomas os instrumentos financeiros que lles faciliten a adopción de proxectos de investimento, así como todas as actuacións encamiñadas a facilitar a creación e consolidación de empresas competitivas.

PROGRAMA 751A.- ORDENACIÓN, REGULACIÓN E PROMOCIÓN DO COMERCIO INTERIOR DE GALICIA

A través deste programa lévanse a cabo actuacións correspondentes á:

- Comercio interior: modernizar o sector comercial galego e facelo mais competitivo, especialmente o comercio retalista e de proximidade
- Comercio exterior: incrementar a internacionalización do tecido empresarial galego
- Artesanía: modernizar o sector artesanal nas súas estruturas e mellorar a comercialización dos produtos.

PROGRAMA 761A.- POTENCIACIÓN E PROMOCIÓN DO TURISMO

Inclúense neste programa as accións encamiñadas á posta en valor do destino Galicia, así como a mellora dos servizos turísticos existentes a nivel nacional e internacional como un destino sostible, diferenciado polos seus recursos naturais e culturais.

PROGRAMA 811B.- TRANSFERENCIAS A ENTIDADES LOCAIS POR PARTICIPACIÓN NOS INGRESOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

Inclúense neste programa os importes correspondentes a transferencias ás corporacións locais pola súa participación nos Fondo de Cooperación Local.

PROGRAMA 811C.- OUTROS SOPORTES FINANCEIROS ÁS ENTIDADES LOCAIS

Este programa recolle as distintas transferencias que reciben as corporacións locais para atender necesidades puntuais dos distintos ámbitos da súa competencia.



O obxecto deste programa é cooperar no financiamento dos investimentos en infraestruturas e equipamento a realizar polas corporacións locais.

Nos orzamentos actuais este programa encádrase na sección 23 "Gastos de diversas consellerías".

PROGRAMA 911A- AMORTIZACIÓN E GASTOS FINANCEIROS DA DÉBEDA PÚBLICA

A este programa impútanselle os gastos derivados do pagamento de xuros da débeda pública e préstamos emitidos pola Comunidade Autónoma, o pagamento dos gastos de emisión, modificación e cancelación e os de amortización.

Este programa impútase na súa totalidade á sección 22 do orzamento de gastos.

Coa finalidade de simplificar a interpretación e presentación dos orzamentos, cada xestor valorará a conveniencia de refundir programas de gasto especialmente aqueles de escasa contía económica.

	111A-PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA	6.262.890
	111B-ACTIVIDADE LEXISLATIVA	22.693.000
	111C-CONTROL EXTERNO DO SECTOR PÚBLICO	8.644.644
	111D-ALTO ASESORAMENTO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.	5.540.154
	111E-RELACIÓNS EXTERIORES	2.139.864
	Total 111-ALTA DIRECCIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	45.280.552
	Total 11-ALTA DIRECCIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	45.280.552
	121A-DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE ADMINISTRACIÓN XERAL	71.122.666
	121B-ASESORAMENTO E DEFENSA DOS INTERESES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	3.089.305
	121C-RELACIÓNS INSTITUCIONAIS	940.834
	Total 121-XESTIÓN DA ADMINISTRACIÓN XERAL	75.152.805
	122A-AVALIACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	1.782.299
	122B-FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN DA C.A.	4.937.957
	Total 122-MODERNIZACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN AUTÓNOMA	6.720.256
	123A-ACCIÓN SOCIAL EN FAVOR DO PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN	150.000
	Total 123-ACCIÓN SOCIAL EN FAVOR DO PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN	150.000
	124A-DIRECCIÓN, MODERNIZACIÓN E XESTIÓN DA FUNCIÓN PÚBLICA	9.473.629
	Total 124-DIRECCIÓN, MODERNIZACIÓN E XESTIÓN DA FUNCIÓN PÚBLICA	9.473.629
	Total 12-ADMINISTRACIÓN XERAL	91.496.690
	131A-ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA	180.155.218
	Total 131-XUSTIZA	180.155.218
	Total 13-XUSTIZA	180.155.218
	141A-ADMINISTRACIÓN LOCAL	20.093.598
	Total 141-ADMINISTRACIÓN LOCAL	20.093.598
	Total 14-ADMINISTRACIÓN LOCAL	20.093.598
	151A-FOMENTO DA LINGUA GALEGA	11.049.009
	Total 151-FOMENTO DA LINGUA GALEGA	11.049.009
	Total 15-NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	11.049.009





	161A-ELECCIÓN E PARTIDOS POLÍTICOS	14.142.356
Total 161-ELECCIÓN E PARTIDOS POLÍTICOS		14.142.356
Total 16-PROCESOS ELECTORAIS, ÓRGANOS DE REPRESENTACIÓN POLÍTICA E INSTITUCIÓN DEMOCRÁTICAS		14.142.356
Total 1-ACTUACIÓN DE CARACTER XERAL		362.217.423
	212A-PROTECCIÓN CIVIL E SEGURIDADE DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	30.525.867
Total 212-ROTECCIÓN CIVIL		30.525.867
Total 21-PROTECCIÓN CIVIL E SEGURIDADE		30.525.867
Total 2-PROTECCIÓN CIVIL E SEGURIDADE CIDADÁ		30.525.867
	311A-DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE PROMOCIÓN SOCIAL	95.519.281
Total 311-XESTIÓN E ADMINISTRACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS DE PROMOCIÓN SOCIAL		95.519.281
	312A-PROTECCIÓN E INSERCIÓN SOCIAL	93.243.521
	312B-PROGRAMAS DE PRESTACIÓN ÁS FAMILIAS E Á INFANCIA	242.670.814
	312C-SERVIZOS SOCIAIS RELATIVOS ÁS MIGRACIÓNS	22.396.775
	312D-PROGRAMA DE ATENCIÓN Á DEPENDENCIA	655.478.910
	312E-PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E PREVENCIÓN DA DEPENDENCIA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE E AS PERSOAS MAIORES	60.469.802
	312F-PROGRAMAS DE SOLIDARIDADE	1.844.809
	312G-APOIO Á CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E PERSOAL E OUTROS SERVIZOS DE PROTECCIÓN SOCIAL	10.545.094
Total 312-ACCIÓN SOCIAL E INTEGRACIÓN SOCIAL		1.086.649.725
	313A-SERVIZOS Á XUVENTUDE	17.254.574
	313B-ACCIÓN PARA A IGUALDADE, PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA MULLER	16.481.692
	313C-SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS	55.159.820
	313D-PROTECCIÓN E APOIO ÁS MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO	23.521.894
Total 313-PROMOCIÓN SOCIAL		112.417.980
Total 31-ACCIÓN SOCIAL E PROMOCIÓN SOCIAL		1.294.586.986
	321A-DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE EMPREGO	9.679.165
Total 321-XESTIÓN E SERVIZOS XERAIS DE EMPREGO		9.679.165
	322A-MELLORA E FOMENTO DA EMPREGABILIDADE	82.866.808
	322C-PROMOCIÓN DO EMPREGO, DO EMPREGO AUTÓNOMO E DO MERCADO DE TRABALLO INCLUSIVO	138.352.338
Total 322-EMPREGO ESTABLE E DE CALIDADE		221.219.146
	323A-FORMACIÓN PROFESIONAL DESEMPREGADOS	136.997.508
	323B-FORMACIÓN PROFESIONAL DE OCUPADOS	12.601.857
Total 323-FORMACIÓN PARA O EMPREGO		149.599.365
	324A-MELLORA DA ORGANIZACIÓN E ADMINISTRACIÓN DAS RELACIÓNS LABORAIS E DA PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS	23.450.333
	324B-MELLORA DOS SISTEMAS DE SAÚDE E SEGURIDADE NO TRABALLO	755.520
	324C-PROMOCIÓN DA ECONOMÍA SOCIAL	43.645.333
Total 324-INSTITUCIÓN DO MERCADO DE TRABALLO, RISCOS LABORAIS E ECONOMÍA SOCIAL		67.851.186
Total 32-PROMOCIÓN DO EMPREGO E INSTITUCIÓN DO MERCADO DE TRABALLO		448.348.862
	331A-COOPERACIÓN EXTERIOR E AO DESENVOLVEMENTO	8.939.434
Total 331-COOPERACIÓN EXTERIOR E AO DESENVOLVEMENTO		8.939.434
Total 33-COOPERACIÓN EXTERIOR E AO DESENVOLVEMENTO		8.939.434
Total 3-PROTECCIÓN E PROMOCIÓN SOCIAL		1.751.875.282
	411A-DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE SANIDADE	72.764.784
Total 411-ADMINISTRACIÓN XERAL		72.764.784
	412A-ATENCIÓN ESPECIALIZADA	3.312.682.691
	412B-ATENCIÓN PRIMARIA	1.582.967.105
Total 412-ASISTENCIA SANITARIA		4.895.649.796
	413A-PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA SAÚDE PÚBLICA	117.911.925
Total 413-PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA SAÚDE		117.911.925
	414A-FORMACIÓN DE GRADUADOS E POSGRADUADOS	78.893.478
Total 414-FORMACIÓN E CALIDADE DO PERSOAL		78.893.478
Total 41-SANIDADE		5.165.219.983
	421A-DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE EDUCACIÓN	63.794.406
Total 421-ADMINISTRACIÓN XERAL		63.794.406





	422A-EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E ESO	970.012.702
	422C-ENSINANZAS UNIVERSITARIAS	409.452.056
	422D-EDUCACIÓN ESPECIAL	57.480.972
	422E-ENSINANZAS ARTÍSTICAS	44.812.781
	422G-ENSINANZAS ESPECIAIS	21.298.195
	422I-FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO PROFESORADO	3.427.517
	422K-ENSINANZAS PESQUEIRAS	10.582.421
	422L-CAPACITACIÓN E EXTENSIÓN AGROFORESTAL	7.944.478
	422M-ENSINANZA SECUNDARIA , FORMACIÓN PROFESIONAL E OUTRAS ENSINANZAS	1.002.975.337
	Total 422-ENSINO E FORMACIÓN	2.527.986.459
	423A-SERVIZOS E AXUDAS COMPLEMENTARIAS DA ENSINANZA	237.298.505
	423B-PREVENCIÓN DO ABANDONO ESCOLAR	29.807.234
	Total 423-PROMOCIÓN EDUCATIVA	267.105.739
	Total 42-EDUCACIÓN	2.858.886.604
	431A-DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE CULTURA	10.897.611
	Total 431-ADMINISTRACIÓN XERAL	10.897.611
	432A-BIBLIOTECAS, ARQUIVOS, MUSEOS E EQUIPAMENTOS CULTURAI	29.005.963
	432B-FOMENTO DAS ACTIVIDADES CULTURAI	43.333.813
	Total 432-CREACIÓN, PROMOCIÓN E DIFUSIÓN CULTURAL E INFRAESTRUTURAS	72.339.776
	433A-PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO, ARTÍSTICO ECULTURAL	22.347.764
	Total 433-PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO, ARTÍSTICO ECULTURAL	22.347.764
	Total 43-CULTURA	105.585.151
	441A-PROMOCIÓN DA ACTIVIDADE DEPORTIVA	56.225.913
	Total 441-PROMOCIÓN DA ACTIVIDADE DEPORTIVA	56.225.913
	Total 44-DEPORTES	56.225.913
	451A-FOMENTO DA REHABILITACIÓN E DA CALIDADE DA VIVENDA	92.900.944
	451B-ACCESO Á VIVENDA	73.822.887
	Total 451-ACCESO E CALIDADE DA VIVENDA	166.723.831
	Total 45-VIVENDA	166.723.831
	461A-COBERTURA INFORMATIVA E APOIO Á COMUNICACIÓN SOCIAL	5.880.011
	461B-RADIODIFUSIÓN E TVG	125.490.819
	Total 461-COMUNICACIÓN SOCIAL	131.370.830
	Total 46-OUTROS SERVICIOS COMUNITARIOS E SOCIAIS	131.370.830
	Total 4-PRODUCCIÓN DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER SOCIAL	8.484.012.312
	511A-DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS	7.713.547
	Total 511-ADMINISTRACIÓN XERAL	7.713.547
	512A-ORDENACIÓN E INSPECCIÓN DO TRANSPORTE	87.695.295
	512B-CONSTRUCCIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN DE ESTRADAS	260.561.901
	Total 512-INFRAESTRUTURAS DO TRANSPORTE	348.257.196
	513A-CONSTRUCCIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN PORTUARIA	11.000.000
	Total 513-PORTOS	11.000.000
	514A-INFRAESTRUTURAS PESQUEIRAS	11.270.500
	Total 514-INFRAESTRUTURAS PESQUEIRAS	11.270.500
	Total 51-INFRAESTRUTURAS	378.241.243
	521A-URBANISMO	18.361.646
	Total 521-URBANISMO E ORDENACIÓN DO TERRITORIO	18.361.646
	Total 52-ORDENACIÓN DO TERRITORIO	18.361.646
	531A-PROMOCIÓN DE SOLO PARA ACTIVIDADES ECONÓMICAS	11.161.022
	Total 531-PROMOCIÓN DE SOLO PARA ACTIVIDADES ECONÓMICAS	11.161.022
	Total 53-PROMOCIÓN DE SOLO PARA ACTIVIDADES ECONÓMICAS	11.161.022
	541A-DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE MEDIO AMBIENTE	8.648.278
	541B-CONSERVACIÓN DA BIODIVERSIDADE E POSTA EN VALOR DO MEDIO NATURAL	49.289.103
	541C-PROTECCIÓN, CONTROL TÉCNICO- SANITARIO DOS PRODUTOS DO MAR,MELLORA DO MEDIO NATURAL MARIÑO E SALVAMENTO MARÍTIMO	35.350.013
	541D-CONTROL AMBIENTAL E XESTIÓN DE RESIDUOS	42.894.467
	541E-COÑECEMENTO DO MEDIO AMBIENTE E FOMENTO DA SUSTENTABILIDADE	9.300.962





Total 541-MEDIO AMBIENTE		145.482.823
	542A-PLANIFICACIÓN E XESTIÓN HIDROLÓXICA	52.637.032
Total 542-CICLO DA AUGA		52.637.032
Total 54-ACTUACIÓNS AMBIENTAIS		198.119.855
	551A-INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS NO MEDIO RURAL	31.704.060
	551B-ACCIÓNS PREVENTIVAS E INFRAESTRUTURA FORESTAL	159.319.147
Total 551-INFRAESTRUTURAS, EQUIPAMENTO E PREVENCIÓN		191.023.207
Total 55-ACTUACIÓNS E VALORACIÓN DO MEDIO RURAL		191.023.207
	561A-PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA	199.766.515
	561B-INVESTIGACIÓN UNIVERSITARIA	104.117.980
	561C-INVESTIGACIÓN SANITARIA	26.329.114
Total 561-INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN		330.213.609
Total 56-INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN		330.213.609
	571A-FOMENTO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E DO COÑECEMENTO	152.067.954
Total 571-FOMENTO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E DO COÑECEMENTO		152.067.954
Total 57-SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E DO COÑECEMENTO		152.067.954
	581A-ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA	5.406.246
Total 581-SOPORTES ESTATÍSTICOS		5.406.246
Total 58-INFORMACIÓN ESTATÍSTICA BÁSICA		5.406.246
Total 5-PRODUCCIÓN DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER ECONÓMICO		1.284.594.782
	611A-DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE FACENDA	15.324.209
Total 611-ADMINISTRACIÓN XERAL		15.324.209
	612A-PLANIFICACIÓN, ELABORACIÓN DE ORZAMENTOS E COORDINACIÓN ECONÓMICA	7.798.628
Total 612-REGULACIÓN ECONÓMICA XERAL		7.798.628
	613A-ORDENACIÓN, INFORMACIÓN E DEFENSA DO CONSUMIDOR E DA COMPETENCIA	7.424.161
Total 613-DEFENSA DA COMPETENCIA		7.424.161
Total 61-ACTUACIÓNS ECONÓMICAS XERAIS		30.546.998
	621A-ADMINISTRACIÓN FINANCEIRA, TRIBUTARIA, PATRIMONIAL E DE CONTROL.	77.788.615
	621B-IMPREVISTOS E FUNCIÓNS NON CLASIFICADAS	5.439.370
Total 621-ADMINISTRACIÓN FINANCEIRA		83.227.985
Total 62-ACTIVIDADES FINANCEIRAS		83.227.985
Total 6-REGULACIÓN ECONÓMICA DE CARÁCTER XERAL		113.774.983
	711A-DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DO MEDIO RURAL	32.902.803
Total 711-ADMINISTRACIÓN XERAL		32.902.803
	712A-FIXACIÓN DE POBOACIÓN NO MEDIO RURAL	64.310.620
	712B-MODERNIZACIÓN E DIVERSIFICACIÓN DO TECIDO PRODUTIVO RURAL	127.644.855
	712C-FOMENTO DO ASOCIACIONISMO AGRARIO E DIVULGACIÓN DA TECNOLOXÍA AGRARIA	1.120.000
Total 712-DESENVOLVEMENTO RURAL		193.075.475
	713B-ORDENACIÓN DAS PRODUCIÓNS FORESTAIS	87.855.683
